Polo exposto, se considera que a formalización do convenio aporta beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural, e tendo en conta ademáis o deber de colaboración entre as Administracións de acordo co disposto no artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei de Administración Local de Galicia, é polo que se entende oportuno que o Concello de Culleredo subscriba o Convenio de colaboración con Augas de Galicia para a posta a disposición dos terreos necesarios para a execución da continuación do itinerario peonil e ciclista que parte da Rúa Río Mero e que se conectará co paseo da Ría do Burgo (documento UGT15I000J).

Vista a memoria xustificativa do citado Convenio (documento UGT15I000K), os informes emitidos pola Interventora municipal (documentos UIT15I0023 e UIT15I0053), así como o emitido pola Asesoría Xurídica (documento UAJ15I005I), é polo que **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:**

A aprobación do contido do Convenio de colaboración con Augas de Galicia para a posta a disposición dos terreos necesarios para a execución da continuación do itinerario peonil e ciclista que parte da Rúa Río Mero e que se conectará co paseo da Ría do Burgo (documento UGT15I000J).”

A continuación a Presidencia fai uso da palabra e fai unha presentación da proposta procedendo á lectura dos cinco últimos parágrafos da proposta presentada.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternatva dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non ten claro cal vai ser o custo e polo tanto teñen descoñecemento das actuacións que se van levar a cabo polo que o seu grupo a día de hoxe vaise abster por falta de concreción de dita actuación.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle parece aceptable a intención do convenio que se presenta pero non a súa presentación nin a falta de transparencia que supón; que as formas son malas porque presentan este convenio nun documento de word editable sen unha sinatura como proposta, sen que a proposta de texto do convenio se recolla tampouco na proposta que se somete a aprobación do pleno e que peor aínda é a desinformación e a falta de transparencia que basicamente trasladan a todo aquilo que teña posta a pegatina de Edusi, ese suposto grupo de participación no que nin hai participación nin transparencia, e pregunta cantas veces se ten reunido o grupo de participación urbana, o órgano máximo de participación na estratexia Edusi; di que a Corporación atópase no pleno diante dunha proposta de aprobación dun convenio necesaria para un proxecto para a execución da continuación do itinerario peonil e ciclista que parte do río Mero que conectará co Paseo da Ría do Burgo pasando polo paseo fluvial de Cambre pero non se presenta o proxecto, e pregunta onde se pode consultar ese proxecto que debería partir da participación veciñal; di que non se indica, nin na documentación que se presenta nin no propio convenio cales son os terreos exactos aos que se fai referencia, nin sequera unha referencia a coordenadas xeográficas; que a desinformación, como en todos e cada un dos proxectos Edusi que se van sacando da manga, é evidente e vergonzante, omitindo os procesos de participación cidadá que basicamente é nulo, anunciando que o grupo político do BNG non vai votar a favor de propostas que non contén cun mínimo de transparencia.

A continuación a Sra. Presidenta fai uso da palabra e di que o punto que se trae ao pleno é a aprobación do convenio, non o proxecto Edusi pois destes proxectos dáse a información oportuna nas comisións respectivas e pertinentes; que se trata agora de aprobar un convenio que non ten custo económico, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e de Intervención e que non precisa do informe da Secretaría, polo que conta con toda a documentación necesaria para a súa aprobación.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o concelleiro Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ninguén dubida de que aquí se está aprobando é o convenio e non o proxecto pois todos saben ler e todos os asistentes á sesión leron previamente a documentación que se puxo a súa disposición, pero os convenios asínanse cun obxectivo e neste caso non se sabe nin cal é o obxectivo nin cal é o proxecto, solicitando información sobre onde se pode consultar o proxecto pois os proxectos aos que o Concello lles pon esa coetilla de "Edusi" non se poden consultar en ningures e deberían partir da participación veciñal, preguntando novamente cantas veces se reuniu o Grupo de Participación Urbana e onde se pode consultar ese proxecto pois mentres non se saiba o obxectivo de asinar dito convenio o seu grupo considera que esta proposta está falta de transparencia.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, de data vinte e dous de marzo de dous mil vinte e un, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: seis (6), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, de data vinte e dous de marzo de dous mil vinte e un, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR MIGUEL PAZ VILA CONTRA ACORDO DO PLENO DE DATA 18/01/2021 POLO QUE SE LLE DENEGOU A COMPATIBILIDADE SOLICITADA PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data nove de abril de dous mil vinte e un (código de documento UPO15I00KA), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil de data vinte e dous de abril de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR MIGUEL PAZ VILA CONTRA ACORDO DO PLENO DE DATA 18/01/2021 POLO QUE SE LLE DENEGOU A COMPATIBILIDADE SOLICITADA PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O día 16 de outubro de 2020 tivo entrada neste concello a través do Sistema de Interconexión de Rexistros, un escrito de don Miguel Paz Vila, con DNI núm. 46 917 555 Q no que expón que estando traballado a xornada parcial no Conservatorio Profesional de Música como profesor de percusión, solicita a compatibilidade para completar xornada en calquera administración pública.

Don Miguel Paz Vila, con DNI núm. 46 917 555 Q, é profesor de percusión do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo, persoal laboral temporal, código CE.4.1.11 da relación de postos de traballo.

O día 23 de outubro de 2020, con entrada neste concello o día 28 de outubro de 2020, a Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia, remite a solicitude de compatibilidade formulada por don Miguel Paz Vila e en uso das competencias que ten atribuídas informa desfavorablemente a autorización da compatibilidade de don Miguel Paz Vila entre as actividades públicas principal e secundaria enunciadas.

Polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 18/01/2021 acordouse denegar a compatibilidade solicitada por don Miguel Paz Vila, con DNI núm. 46.917.555 Q, por non axustarse a ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Con data 25 de marzo de 2021 o Sr. Paz Vila presenta recurso de reposición contra o acordo plenario (rexistro de entrada nº 2021/3265).

Visto o informe-proposta emitido polo Xefe do Gabinete Técnico (documento UPO15I00JV), que expón as seguintes consideracións legais:

“Primeira.- Os artigos 123 e 124 de la ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establecen que:

“Artículo 123. Objeto y naturaleza.

1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.

Artículo 124. Plazos.

1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.

3. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.”

O recurso de reposición foi presentado dentro do prazo establecido para elo, se ben non ante o órgano competente, que neste caso é o Pleno en virtude do disposto no apartado 1 do artigo 123 da LPAC, e debe ser resolto no prazo dun mes.

Segunda.- A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas dispón no seu artigo noveno que:

“La autorización o denegación de compatibilidad para un segundo puesto o actividad del sector público corresponde al Ministerio de la Presidencia, a propuesta de la Subsecretaría del Departamento correspondiente, al órgano competente de la Comunidad Autónoma o al Pleno de la Corporación Local a que figure adscrito el puesto principal, previo informe, en su caso, de los Directores de los Organismos, Entes y Empresas públicas.

Dicha autorización requiere además el previo informe favorable del órgano competente de la Comunidad Autónoma o Pleno de la Corporación Local, conforme a la adscripción del segundo puesto. Si los dos puestos correspondieran a la Administración del Estado, emitirá este informe la Subsecretaría del Departamento al que corresponda el segundo puesto.

Terceira.- A citada Lei 53/1984, dispón no seu artigo primeiro que:

“1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño, por sí o mediante sustitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma

A los solos efectos de esta Ley se considerará actividad en el sector público la desarrollada por los miembros electivos de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales, por los altos cargos y restante personal de los órganos constitucionales y de todas las Administraciones Públicas, incluida la Administración de Justicia, y de los Entes, Organismo y Empresas de ellas dependientes, entendiéndose comprendidas las Entidades colaboradoras y las concertadas de la Seguridad Social en la prestación sanitaria.

2. Además, no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en esta Ley, más de una remuneración con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel ni ejercer opción por percepciones correspondiente a puestos incompatibles.

A los efectos del párrafo anterior, se entenderá por remuneración cualquier derecho de contenido económico derivado, directa o indirectamente, de una prestación o servicio personal, sea su cuantía fija o variable y su devengo periódico u ocasional.

3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia.”

Segue regulando a Lei 53/1984 no seu artigo terceiro que o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei só poderá desenvolver un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docente e sanitaria, nos casos aos que se refiren os artigos quinto e sexto, cargos electivos e para o exercicio de actividades de investigación de carácter non permanente ou de asesoramento científico ou técnico en supostos moi concretos, que non correspondan as funcións do persoal adscrito ás respectivas administracións públicas.

Cuarta.- Tendo en conta o artigo 4.2 da citada Lei 53/1984, que o recurrente cita no seu escrito, os dous postos non están regulamentariamente autorizados como de prestación a tempo parcial, xa que a Xunta de Galicia denegoulle a autorización de compatibilidade no posto secundario.

Quinta.- Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral en relación coa solicitude de informe previo ao recurso (documento USG15I01HR).”

C.I.F. P-1503100-H

Polo exposto, **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:**

Desestimar o recurso de reposición presentado por Miguel Paz Vila (rexistro de entrada nº 2021/3265) contra o acordo denegación da compatibilidade por non axustarse a ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Contra este acordo, que poñerá fin á vía administrativa o interesado poderá interpoñer directamente demanda na xurisdición social diante do Xulgado ou Sala do Social da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido no artigo 69 da Lei 36/2011 do 10 de outubro reguladora da xurisdición social.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o que pide o traballador do que fala a proposta é completar unha xornada, un xornal de traballo, unha xornada enteira e non parcial e, á vista dos informes, hai un parágrafo no que a Secretaria indica que “(...) non é preceptivo o informe da Secretaria para resolver o recurso sen prexuízo da necesidade de incorporar informe xurídico”; que xa se sabe que no Concello de Culleredo o máis listo é o que fai os informes, que non van dicir quen é por non darlle publicidade, pero que listo é o xefe de Persoal que asina de todo e fai todo tipo de informes e que ao seu grupo lle gustaría que se buscaran outros informes e que lle gustaría moitísimo que, habendo como hai unha demanda no Conservatorio que este traballador xa non tivera que pedir unha compatibilidade para poder traballar noutro lugar senón que puidera desenvolver o seu traballo a xornada completa no Concello de Culleredo porque hai unha demanda, anunciando que o voto do seu grupo non vai ser a favor da resolución do recurso.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que pode compartir opinións sobre que sexa máis ou menos inxusto que un traballador contratado a tempo parcial non poida completar pero o asunto é que as leis non as escribe nin ela nin a Sra. Pérez Mosquera e que hai que acatalas, parecéndolle curioso que os informes da Secretaría sirvan para unhas cousas e para outras non; que para o equipo de goberno os traballadores e traballadoras do Concello son todos iguais, e igualmente respetables, e xa está cansa de que se fale de traballadores de primeira e de segunda; que calquera informe é válido e solicita a aprobación da desestimación do recurso presentado independentemente de que se poida considerar que a lei é máis ou menos inxusta.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a concelleira Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que pensou que a técnica de darlle volta ás cousas era só do Sr. Alcalde pero está a comprobar que non é así, pois ela o que dixo foi que o informe da Secretaría no último parágrafo indica que "No suposto examinado, tendo en conta que o acto verbo do cal se interpuxo o recurso de reposición non é un dos supostos que requiren previo informe preceptivo de Secretaría, a xuízo da que subscribe neste suposto, atendida á natureza do asunto non é preceptivo o informe da Secretaría para resolver o recurso, sen prexuízo da necesidade de incorporar informe xurídico" e que iso é o único que ela dixo, solicitando da Sra. Figueroa Fuentes que non poña na boca dos membros do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Culleredo que hai traballadores de primeira e de segunda porque para eles todos os traballadores e traballadoras do Concello de Culleredo son de primeira e se non o son é porque a concelleira delegada de Persoal está a dicir iso agora, pedíndolle que non faga política cos traballadores porque os membros do BNG de Culleredo co que fan política é coa forma de organizar o Concello e coa forma de organizar aos traballadores e podería ser que a concelleira de Persoal tivera que mirar cara ao seu embigo e non facer vir aos traballadores os plenos a dicir que o BNG os trata fatal porque non é así, e eles nin falan dos traballadores, nin do Regulamento, nin do teletraballo senón que o BNG fala do equipo de goberno e no conservatorio hai unha demanda dun profesor de percusión polo que non entende por que dito profesor non pode facer unha xornada completa pedíndolle ao equipo de goberno que organice ben o traballo; que sobre os informes di que consideran que hai nformes diferentes pois os hai preceptivos, como os da Secretaría e os da Interventora, e neste caso pódese incorporar outro informe que non se incorpora porque non lles vén ben facelo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 9 de abril de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 9 de abril de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

5.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DA RPT.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data dezanove de abril de dous mil vinte e un (código de documento UPO15I00NI), ditaminada

38 de 108

favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil de data vinte e dous de abril de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

De orde da Concelleira de seguridade cidadá e persoal deuse orde de actualizar a RPT nos seguintes termos:

- Complemento de destino: dar cumprimento ao acordado en Mesa Xeral de Negociación celebrada o 23 de decembro de 2019.
- Potestade de autoorganización: organización dos servizos.

Elaborado borrador de relación de postos de traballo, e de fichas de descrición dos que resultaron modificados, estes documentos foron obxecto de negociación na Mesa Xeral de negociación conxunta en sesións celebradas o 9 e 12 de marzo de 2021.

Posteriormente por orde da Concelleira de persoal e organización decidiuse non incluír na modificación da RPT que se está a tramitar, o posto de nova creación de traballador/a social e esperar ao proceso de valoración de postos de traballo debido á complexidade procedimental que supón e por considerar que resultará máis axeitado tramitalo cos posibles cambios derivados do proceso de valoración que se está a levar a cabo pola empresa PWACS GESTIÓN LOCAL.

Visto os informes emitidos obrantes no expediente:

- Informe do Xefe do Gabinete Técnico de data 12/03/2021 (documento UPO14I014D).
- Informe da Interventora Municipal (documento UIT15I00AR) de data 30/03/2021.
- Informe da Secretaría Xeral de data 30/03/2021 (documento URP15I06OM).
- Informe do Xefe do Servizo de Economía e Facenda de data 19/04/2021 (documento UEH15I0067).
- Informe do Xefe do Gabinete Técnico de data 19/04/2021 (documento UPO15I00NB).

E polo que **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL**:

Primeiro.- Modificar a Relación de Postos de Traballo, nos seguintes extremos concretos:

1.- Modificar os complementos de destino dos postos que se indican, como consecuencia da homologación de complementos acordada na mesa xeral de negociación celebrada o 29 de decembro de 2019

Código	Denominación do posto	CD
PO.1.4.02 (cambio código a AL.2.4.02)		

C.I.F. P-1503100-H

AX.1.4.01	Auxiliar administrativa/o	18
BS.1.4.02		
DF.1.4.01		
EF.1.4.01		
CE.1.4.01		
CE.1.4.02		
MS.1.4.01		
MS.1.4.02		
PO.2.4.01 (cambio a código MS.1.4.03)		
SX.1.4.02		
SX.2.4.01		
SX.2.4.02		
SX.2.4.03		
SX.2.4.04		
SX.2.4.05		
SC.1.4.01		
UR.1.4.01		
BS.1.4.03	Auxiliar de información	18
BS.1.4.04		
UR.1.4.03	Técnica/o auxiliar urbanismo	18

CE.1.3.01	Técnica/o animación sociocultural	22
CE.1.4.06	Auxiliar de biblioteca	18
CE.1.4.07	Auxiliar de biblioteca	18

2.- Organización dos servizos:

A) Integrar o servizo de persoal e organización na área de Alcaldía dependente do Gabinete Técnico.

Sendo necesario e urgente contar cun/cunha técnico/a para a tramitación das subvencións europeas e estatais, tendo presente que vaise iniciar o novo período de subvencións FEDER, é polo que o posto de técnica/o de administración do servizo de persoal e organización (código PO.1.1.03) pasa a depender da Alcaldía, modificándose o seu código ao de AL.1.1.03.

Dada a falta de persoal no Servizo de medio ambiente, servizos e obras, efectúanse os seguintes cambios:

- O posto co código CE.1.3.02 pasa a depender do Servizo de medio ambiente, servizos e obras, modificándose o seu código ao de MS.1.3.03.
- O posto co código PO.2.4.01 pasa a depender do Servizo de medio ambiente, servizos e obras, modificándose o seu código ao de MS.1.4.03.
- O posto de administrativo PO.2.3.01, ao ser un posto de promoción interna ligado ao PO.2.4.01, pasa a depender tamén do Servizo de medio ambiente, servizos e obras, modificándose o seu código ao de MS.1.3.04.

Debido a estes cambios axustáanse os códigos dos postos co seguinte detalle:

Código anterior	Novo código
MS.1.4.03	MS.1.4.04
MS.1.4.04	MS.1.4.05
MS.1.4.05	MS.1.4.06
MS.1.4.06	MS.1.4.07

Modifícanse os códigos dos postos de persoal e organización co seguinte detalle:

Código anterior	Novo código
PO.1.1.01	AL.2.1.01
PO.1.1.02	AL.2.1.02
PO.1.3.01	AL.2.3.01
PO.1.3.02	AL.2.3.02

PO.1.3.03	AL.2.3.03
PO.1.4.01	AL.2.4.01
PO.1.4.02	AL.2.4.02
PO.2.2.01	AL.3.2.01
PO.2.3.01	AL.3.3.01
PO.2.4.03	AL.3.4.02
PO.2.4.04	AL.3.4.03
PO.2.4.05	AL.3.4.04
PO.2.5.01	AL.3.5.01
PO.2.5.02	AL.3.5.02
PO.2.5.03	AL.3.5.03
PO.2.5.04	AL.3.5.04

Engádense os dous postos de asesores técnicos, persoal eventual, coas características das resolucións de nomeamento (Resolucións da Alcaldía de data 09/09/2019 e do 21/10/2020) e se axustan as características dos postos de secretaria/o alcalde á resolución da Alcaldía de data 05/07/2019.

B) En vista do manifestado pola Interventora Xeral en varias ocasións ao respecto da falta de persoal no servizo de Intervención—Tesourería, faise o seguinte cambio que non supón incremento orzamentario:

- O posto co código DF.1.1.03 pasa a depender do servizo de Intervención-Tesourería, modificándose o seu código ao de IT.1.1.05.

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Aprobar inicialmente, de acordo co sinalado no puntos anteriores, a modificación da Relación de postos de traballo (documento UPO15I00NQ) e as fichas descritivas dos postos de traballo que resultaron modificados (documento UPO15I00NR).

Terceiro.- Someter o expediente á exposición pública de 30 días, contados dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación da Relación de Postos de Traballo considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, de acordo co disposto nos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Unha vez aprobada definitivamente, remitírase copia da relación de postos aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada íntegramente no boletín oficial da provincia.”

Consta no expediente informe de Secretaría de data 30 de marzo de 2021 (código de documento URP15I06OM), que transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Modificación da relación de postos de traballo.

PILAR MARÍA PASTOR NOVO, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de Secretaría Categoría Superior, secretaria xeral do Concello de Culleredo, en relación ao asunto de referencia, e en cumprimento do disposto no artigo 3.3 d.6º do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional emite o seguinte **INFORME:**

ANTECEDENTES

Documento asinado polo xefe do gabinete técnico de data 12 de marzo de 2021 (código de documento UPO14I014D))

Os restantes que figuran no expediente UPO/2020/111

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) contempla, dentro dos instrumentos de estruturación do emprego público, a obriga legal relativa a que no marco das súas competencias de autoorganización, as Administracións públicas estruturarán os sus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, promoción profesional, a mobilidade, a distribución de funcións e conforme ao previsto en dita norma. Dita obriga legal se realiza a través da relación de postos de traballo (en adiante RPT).

Establece o artigo 74 de dito texto legal que *“Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos”*

Como breve referencia á evolución de dito instrumento, debe indicarse que, de conformidade co establecido na Disposición derogatoria única apartado b) do texto inicial do EBEP aprobado en 2007 se entendía vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública, que conceptualizaba a RPT como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desenvolvemento de cada posto.

A RPT constitúe o principal instrumento organizativo das entidades locais, pois se deseña o modelo organizativo a nivel de estrutura interna ordenando e clasificando o persoal en orde á realización concreta do traballo a desenvolver.

Mediante a RPT se racionaliza e ordena a función pública e é un instrumento esencial da política xeral de persoal.

A disposición final Cuarta do TREBEP público establece que *“ 2. Hasta que se dicten las leyes de Función Pública y las normas reglamentarias de desarrollo se mantendrán en vigor en cada Administración Pública las normas vigentes sobre ordenación, planificación y gestión de recursos humanos en tanto no se opongan a lo establecido en este Estatuto”*.

A lexislación autonómica establece na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, no artigo 202 o seguinte:

“Artículo 202. Relación de puestos de trabajo.

1. Las entidades locales deberán elaborar una relación de puestos de trabajo que contenga todos los puestos de trabajo existentes en las mismas.

2. La relación de puestos de trabajo, previo cumplimiento de los trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente por el órgano de la entidad local que resulte competente según lo establecido por la legislación de régimen local y sometida a información pública por un plazo no inferior a veinte días. Transcurrido dicho plazo, la aprobación se elevará a definitiva si no se plantearon reclamaciones, sugerencias o alegaciones. En caso contrario, la relación de puestos de trabajo deberá ser objeto de aprobación definitiva, previa resolución de las reclamaciones, sugerencias o alegaciones presentadas.

3. Una vez aprobada definitivamente, de la relación de puestos de trabajo se remitirá copia a los órganos competentes de la Administración general del Estado y de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia dentro del plazo de treinta días, y será publicada íntegramente en el boletín oficial de la provincia."

En canto á lexislación de réxime local, o artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da bases do réxime local refírese fías plantillas de persoal e relacións de postos de traballo nos seguintes termos:

"1. Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla, que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, personal laboral y eventual.

Las plantillas deberán responder a los principios de racionalidad, economía y eficiencia y establecerse de acuerdo con la ordenación general de la economía, sin que los gastos de personal puedan rebasar los límites que se fijen con carácter general.

2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.

Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de la carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores.

3. Las Corporaciones locales constituirán Registros de personal, coordinados con los de las demás Administraciones públicas, según las normas aprobadas por el Gobierno. Los datos inscritos en tal Registro determinarán las nóminas, a efectos de la debida justificación de todas las retribuciones.

E o artigo 126.4 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) preceptúa no seu punto 4 que " Las relaciones de puestos de trabajo, que tendrán en todo caso el contenido previsto en la legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril".

A RPT é consecuencia directa do exercicio das potestades públicas de autoorganización e planificación de que gozan as entidades locais segundo a atribución legal efectuada no artigo 4.1, letras a) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, concretadas ditas potestades no ámbito dos recursos humanos dos cales dispoñen as Administracións locais para o exercicio e desenvolvemento das súas competencias e que se concreta na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características, e necesariamente acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos, e do efectivo cumprimento do interés xeral.

Consitúe un elemento esencial a proposta de configuración dun posto de traballo, que en modo algún pode tratarse dun mandato non apoiado en documentos técnicos, memorias organizativas ou documentos similares, xa que a

configuración dun posto de traballo debe axustarse ao previsto no artigo 72 do TREBEP que establece que : *“En el marco de sus competencias de autoorganización , las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección, la promoción profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme a lo prevenido en este capítulo.”*

A potestade de autoorganización, como toda potestade discrecional, require a necesaria e suficiente motivación, por esixilo así o artigo 35.1.i da Lei 39/2015, segundo o cal: *“1. Serán motivados, con sucinta referencia de hechos y fundamentos de derecho:*

- i) *Los actos que se dicten en el ejercicio de potestades discrecionales, así como los que deban serlo en virtud de disposición legal o reglamentaria expresa”*

A motivación constitúe un requisito imprescindible en todo acto ou disposición administrativa, toda vez que a través dela se exteriorizan as razóns que sirven de xustificación ou fundamento á concreta solución xurídica adoptada pola Administración. E este requisito adquire especial relevancia nos supostos en que os entes públicos exercitan potestades discrecionais- o que sucede á hora de confeccionar, ou no seu caso modificar as RPT-, pois elo permite controlar a legalidade da decisión clasificadora ou de valoración dos postos de traballo.

Motivación a da RPT que debe estar baseada. como se indicou, en estudos e documentos técnicos.

C.I.F. P-1503100-H

Neste punto é moi importante ter en conta que parte da doutrina xurídica especializada considera de aplicación analóxica o disposto no artigo 126 do TRRL, que, ao referirse ás plantillas, indica que *“...deberán de responder a los principios enunciados en el artículo 90.1 de la ley 7/1985, de 2 de abril. A ellas se unirán los antecedentes, estudios y documentos acreditativos de que se ajustan a los mencionados principios.”*

A ausencia de motivación respecto de aqueles mandatos proporcionados con respecto á xustificación dun concreto perfil profesional, das retribucións asignadas (Complemento de destino e específico) e da formación específica esixida para o desempeño dun concreto posto de traballo é contraria a dereito, tal e como indica o Tribunal Constitucional, que sinala que *“requerir la motivación del acto administrativo discrecional es, también, garantía de la interdicción de la arbitrariedad del poder público y su control no es tarea ajena a la función jurisdiccional (art. 106. 1 CE (LA Ley 2500/1978)”* (Sentencia Tribunal Constitucional 163/2002)

A sentenza do Tribunal Supremo de 27 de maio de 2006 ratifica a sentenza de instancia que anulou unha RPT por falta de motivación, esgrimindo o Alto Tribunal que en ningún dos informes preceptivos emitidos durante a tramitación do procedemento se ofrecía xustificación algunha.

Características: En canto ás características da RPT fanse as seguintes apreciacións:

–Natureza xurídica:

A natureza xurídica das RPT foi unha cuestión controvertida sobre a que a xurisprudencia e a doutrina mantiveron unha posición oscilante. E así algún sector considerou as RPT como auténticos regulamentos, pero outro, en cambio, estimou que a súa natureza xurídica responde á de actos administrativos aplicativos, pero de carácter xeral e destinatarios indeterminados.

A xurisprudencia nun primeiro momento entendeu que as RPT aprobadas polas Administracións Públicas no exercicio das súas facultades organizativas, aínda que encadrables na materia de persoal, participaban da natureza propia das disposicións de carácter xeral. Así a a SSTS de 14 de febreiro de 2001; de 20 de febreiro de 2001, de 1 de marzo de 2004; e de 7 de marzo de 2005.

Posteriormente, o Tribunal Supremo entendeu que as RPT participaban da natureza de auténticos actos administrativos, se ben de carácter plúrimos, isto é, actos administrativos que teñen un número indeterminado e posible de destinatarios: SSTS de 19 de xuño de 2006; de 4 de xullo de 2012; e de 10 de xullo de 2013.

Incluso, algunhas destas, como posición ecléctica, mantiñan unha dualidade sobre a natureza das RPT, a lo menos no aspecto procesal: a natureza de norma xeral ou regulamentaria se manifesta unicamente aos efectos de permitir o acceso ao recurso de casación, pero a todos os demais efectos queda latente a cualidade de norma xeral e despliega os seus efectos a súa natureza de acto administrativo. Así a sentenza anteriormente citada do Tribunal Supremo de 19 de xuño de 2006 .

Pero a Sentencia do Tribunal Supremo de 5 de febreiro de 2014 (recurso de casación número 2986/2012) opera un xiro na anterior xurisprudencia e considera que a natureza da RPT é a de acto administrativo.

Polo tanto, de acodo coa última liña xurisprudencial, a RPT debe considerarse a todos os efectos como acto administrativo.

Contido.- A RPT deberá incluír en todo caso a denominación, tipo e sistema de provisión dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan, e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

De acordo co disposto na Orde Ministerial de 2 de decembro de 1988, o contido será o seguinte:

Funcionarios:

–Denominación e características esenciais dos postos de traballo(entre elas, tipo de posto, sistema de provisión e os grupos, corpos ou escalas a que deban adscribirse e, no seu caso, a titulación académica e formación específica necesaria para o correcto desempeño do posto)

–Requisitos esixidos para o seu desempeño

–Nivel de complemento de destino

–Complemento específico no seu caso

Persoal laboral:-categoría profesionalidad

-Réxime xurídico aplicable

Cómpre advertir que a RPT debe vir acompañada necesariamente da documentación acreditativa da valoración dos postos de traballo a efectos de fixar os correspondentes complementos de destino e específicos

En canto á competencia para a aprobación , corresponde ao Pleno da Corporación (artigo 22.2.i da LBRL).

Polo que respecta ao procedemento , debe estarse ao disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, anteriormente transcrito.

A proposta debe ser obxecto de negociación (artigos 31 e seguintes do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público).

Segunda.- Sentado o anterior, e analizada a modificación que se pretende fanse as seguintes consideracións:

2.1.- En relación ao incremento de niveis de complemento de destino dos postos de auxiliares administrativos, auxiliares de información, técnica/o auxiliar de urbanismo, técnica/o animación sociocultural, e auxiliares de

biblioteca, así como verbo da asignación dos complementos de destino e específico do posto de traballador/a social que se crea, infórmase que dito incremento e asignación de complementos infrinxe a legalidade polos motivos que a seguir se expresan:

O artigo 93.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local dispón que as retribucións complementarias se atenderán, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva cas do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo pleno da Corporación dentro dos límites máximo e mínimo que se sinalen polo Estado, engadindo o parágrafo 3 que as Corporacións locais reflexarán anualmente nos seus oramentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica de función pública.

E o artigo 3 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, establece que dentro dos límites máximo e mínimo sinalados, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo, atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto.

Os complementos de destino asignados pola Corporación deberán figurar no presuposto anual da mesa, coa mesma contía que estableza a Lei de presupostos xerais do Estado (p.4º do citado artigo).

Neste senso, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura de data 16 de xuño de 2005 sinala no seu fundamento de dereito cuarto o seguinte:

C.I.F. P-1503100-H

“....El Tribunal Supremo en reiteradas sentencias, por todas ellas la de 14 de abril de 1993, define el complemento de destino como “un concepto retributivo objetivo y singular relacionado con el puesto de trabajo desempeñado y por ello ni cabe conectarlo con la titulación y capacitación técnica exigida para el ingreso en Cuerpos determinados, ni todos los puestos desempeñados por funcionarios de aquéllos, cualquiera que sea su nivel técnico o funcional, han de llevar forzosamente implícita esta remuneración, que sólo se reconoce a aquellos encomendados al respectivo Colectivo en los que concurran alguna de las dos circunstancias alternativas inexcusablemente exigidas. La titulación y capacitación técnica exigida para el acceso al Cuerpo tiene su reflejo económico con las retribuciones básicas, en tanto que mediante el complemento de destino se prima o la especial preparación añadida o la genérica para el ingreso en la función

pública o la especial responsabilidad que lleva aneja la adscripción a un servicio determinado”. Aplicada esta doctrina jurisprudencial al caso de autos no puede prosperar la pretensión de la parte demandante, quien pretende la asignación de un nivel superior por su comparación con otro puesto de trabajo completamente distinto al que desempeña, argumento éste válido igualmente para desestimar su pretensión de igualación de las retribuciones por los diferentes subconceptos del complemento específico mediante su comparación con un puesto de trabajo distinto al que desempeña.”.

Á vista do disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigos 3 e 4 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, resulta, a xuízo da que subscribe, esencial, con carácter previo á asignación e modificación de complementos específicos, a previa valoración do postos de traballo en función das condicións sinaladas no apartado 2 do artigo 3 e apartado 1 do artigo 4 do repetido RD 861/1986 e, en canto ao nivel de complementode destino, deberá obedecer a criterios de valoración obxectiva (art. 92.3 LBRL)

Na documentación obrante no expediente examinado non consta documentación algunha que xustifique , de forma e individual e específica, os niveis de complemento de destino dos postos que se propoñen modificar, sen que tampouco conste a previa valoración obxectiva destes, polo que non se xustifican os niveis que se fixan . É dicir, non consta que se realizase un estudo e avaliación individual de cada posto de traballo que xustifiquen os niveis asignados, polo que a asignación destes carece completamente de xustificación, sen que tampouco se xustifique por

qué se homologan os concretos postos cuxo complemento de destino se incrementa e non outros.. Do mesmo xeito, tampouco consta xustificación algunha da asignación dos complementos de destino e específico do posto de traballador/a social que se crea.

A existencia dunhas normas de xestión da vixente relación de postos de traballo non xustifica a asignación dos niveis que se pretende, xa que non basta coa mera referencia a esta senón que, como se indicou, requírese dunha avaliación individual, efectiva e específica de cada posto de traballo mediante a aplicación de criterios obxectivos.

Por outra banda, o artigo 18 Dos da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2021 establece o seguinte:

Dos. En el año 2021, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 0,9 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2020, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo. Los gastos de acción social no podrán incrementarse, en términos globales, respecto a los de 2020. A este respecto, se considera que los gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos o mejoras distintos a las contraprestaciones por el trabajo realizado cuya finalidad es satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias personales del citado personal al servicio del sector público”

C.I.F. P-1503100-H

Cómpre advertir que na vixente Lei de presupostos xerais do Estado non se contempla a posibilidade que se contiña na anterior (Real decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020) dun incremento adicional do 30 % da masa salarial para, entre outras medidas, a homologación de complementos de destino, polo que o incremento dos complementos de destino que se pretende infrinxe tamén o disposto na vixente Lei de presupostos xerais do Estado.

Tendo en conta o que antecede, infórmase que infrinxe a legalidade o incremento dos complementos de destino dos postos aos que se fixo referencia e a asinación dos complementos de destino e específico ao posto de traballador/a social.

Reiterase novamente o sinalado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo da necesidade de realizar unha axeitada valoración obxectiva de todos os postos de traballo, tendo en conta as funcións dos mesmos e tarefas que estas requiran, máxime tendo en conta que algúns postos, por mor de modificacións normativas, sufriron variacións nas súas funcións, xa que se está a incumplir a normativa xeral en materia retributiva, ao non aplicarse tal e como prevé, en concreto en materia de complementos de destino e específico, os artigos 3 e 4 do Real decreto 861/1986, polo que se traslada á Corporación a necesidade e obriga de efectuar dita valoración

2.2.- Polo que respecta á organización dos servizos, fanse as seguintes consideracións:

2.1.1.- No documento UPO14I014D sa fala da integración do servizo de persoal na área da Alcaldía indicándose: “dependente do Gabinete Técnico”. En relación a este extremo, sinalar que na actual estrutura da organización administrativa do Concello, que o é a nivel de servizo, non resulta conforme que un servizo que conta cun/cunha xefe/a de servizo (de persoal e organización) dependa doutro (neste caso do xefe de Gabinete Técnico), xa que na estrutura xerárquica a nivel de servizo a cúspide da organización corresponde aos/ás xefes/a de servizo.

2.1.2.- E polo que atinxe aos cambios de servizo de determinados postos (actualmente cos códigos PO.1.1.03, CE.1.3.02, PO.2.4.01, PO.2.3.01 e DF.1.1.03), a xuízo da que subscribe, tendo en conta a normativa sobre provisión de postos de traballo, o procedenete sería amortizar os postos dos servizos nos que se atopan actualmente adscritos, crealos nos servizos aos que se pretenden adscribir e proveelos a través dos procedementos previstos na normativa vixente.

2.3.- Se ben no documento UPO14I014D se fai referencia a que a modificación da relación de postos de traballo foi obxecto de negociación na Mesa Xeral de negociación en sesións celebradas o 9 e 12 de marzo de 2021, no expediente examinado (UPO/2021/111) non constan as actas das referidas sesións da Mesa xeral de negociación, polo que non se puido comprobar o cumprimento deste requisito. Procede, polo tanto, que se subsane o expediente mediante a incorporación dos ditos documentos.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** a modificación da relación de postos de traballo (expte UPO/2021/111), polo que a xuízo da que subscribe, **non procede** a súa aprobación.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor dundamentado en dereito.”

Consta no expediente informe de Intervención de data 30 de marzo de 2021 (código de documento UIT15I00AR), que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DE LA PROPUESTA DE MODIFICACIÓN DE LA RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO UPO/2020/111

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

Primero.- De conformidad con el artículo 74 del Real Decreto Legislativo 5/2015, las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.

La modificación de la Relación de Puestos de Trabajo comprende todos los requisitos exigidos.

Segundo.- En el Presupuesto General para el año 2021 no existe consignación suficiente y adecuada para la dotación económica de todos los puestos de trabajo que aparecen en la modificación de la RPT del Ayuntamiento como puestos a los que dar cobertura en ese ejercicio económico (Art. 172 TRLRHL).

No consta informe de valoración de las modificaciones efectuadas y de dotación de las mismas en el vigente presupuesto.

Tercero.- Por lo que respecta a la organización de los servicios, de conformidad con lo recogido por la secretaria general en su informe URP15I06OM, la integración del servicio de personal en el área de alcaldía, dependiendo del servicio de gabinete técnico, no es posible, puesto que en la actual estructura organizativa del concello, que es a nivel de servicio, no resulta conforme que un servicio que cuenta con un jefe de servicio (de personal y organización) dependa de otro (en este caso del jefe de gabinete técnico), ya que en la estructura jerárquica a nivel de servicio la cúspide de la organización corresponde a los jefes de servicio. En cuanto a los cambios de servicio de determinados puestos, atendiendo a la normativa sobre provisión de puestos de trabajo, deberían haberse realizado previa amortización, creación y provisión de los puestos correspondientes a través de los procedimientos legalmente previstos.

Cuarto.- La Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021 no contempla incrementos adicionales para la implantación de planes o proyectos de mejora de la productividad o la eficiencia, la revisión de complementos específicos entre puestos con funciones equiparables, la homologación de complementos de destino o la aportación a planes de pensiones.

Únicamente recoge, en el artículo 18, apartado siete que, lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por

el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.

Desde este punto de vista, la variación de complementos de destino no se encuentra amparada por la ley vigente, pues no existe justificación de las circunstancias anteriores ni motivación de la misma.

Así, el artículo 93.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local dispone que las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos.

Y el artículo 3.2 del Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el régimen de las retribuciones de los Funcionarios de Administración Local establece que dentro de los límites máximo y mínimo señalados, el Pleno de la Corporación asignará nivel a cada puesto de trabajo atendiendo a criterios de especialización, responsabilidad, competencia y mando, así como a la complejidad territorial y funcional de los servicios en que esté situado el puesto.

Atendiendo a los artículos citados, el nivel de complemento de destino, deberá obedecer a criterios de valoración objetiva (Art. 93.2 LRBRL). En la documentación obrante en el expediente examinado no consta valoración alguna en ese sentido.

En resumen, infringe la legalidad la asignación de complementos de destino sin que conste una valoración objetiva del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias a las que se hizo referencia anteriormente.

Quinto.- La creación o modificación de puestos debe realizarse previa valoración motivada de los mismos. Así, además de lo ya dicho en relación con el complemento de destino, el artículo 4 (apartados 1 y 2) del Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, recoge que el complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad y que el establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo.

En fin, atendiendo a los artículos citados resulta esencial, con carácter previo a la asignación y modificación de complementos específicos la previa valoración del puesto de trabajo en función de las condiciones señaladas en el apartado 2 del artículo 3 y apartado 1 del artículo 4 del citado RD 861/1986.

En este punto se recuerda lo informado por la secretaria general en anteriores ocasiones respecto de la necesidad de realizar una adecuada valoración objetiva de todos los puestos de trabajo, teniendo en cuenta las funciones de los mismos y las tareas que estas requieran, máxime teniendo en cuenta que algunos puestos, debido a modificaciones normativas, sufrieron variaciones en sus funciones, ya que se está incumpliendo la normativa general en materia retributiva, al no aplicarse tal y como prevé, en concreto en materia de complementos de destino y específicos, los artículos 3 y 4 del Real decreto 861/1986, por lo que se traslada a la corporación la necesidad y obligación de efectuar dicha valoración.

En ese mismo sentido he venido reiterando (informe de control financiero, informe de presupuestos 2020, escritos específicos...), y se ha ido comprobando, a lo largo de varios años, que las dotaciones de personal son insuficientes para un adecuado desarrollo de los servicios básicos, y a mayores se constata una inadecuada valoración de numerosos puestos atendiendo a su carga de trabajo, dificultad técnica y responsabilidad.

En resumen, infringe la legalidad la asignación de complementos sin que conste una valoración objetiva del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias a las que se hizo referencia anteriormente.

Sexto.- Consta informe de secretaría general respecto de la legalidad de las medidas a adoptar y los procedimientos a seguir para ello, de carácter desfavorable.

Séptimo.- Con arreglo a lo establecido en la legislación aplicable (Art. 22.2 i) de la Ley 7/1985, de 2 de abril) resulta competente el Pleno de la Corporación.

No consta que la modificación haya sido objeto de negociación en los términos previstos en los artículos 31 y siguientes del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.

De conformidad con todo lo anterior, procede informar desfavorablemente la modificación de la RPT, y proceder a una revisión motivada de la misma para no seguir vulnerando la legalidad vigente."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concellería Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo, amparándose nos informes técnicos desfavorables, segue mantendo a súa postura e o seu voto vai ser en contra.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que neste punto, tal como vén de dicir o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, os informes son desfavorables e que a Sra. concelleira de Persoal di que se trata dunha proposta que está negociada pero o que lle din os informes é dunha densidade impresionante pois no informe de Secretaría pódese ler o seguinte: "En relación ao incremento de niveis de complemento de destino (.../...) infínxe a legalidade (.../...)", entendendo que cando un recibe esta advertencia, a pesar de que o procedemento se fixera con boa vontade, non debe seguir adiante e debe retroceder; que a Secretaría indica tamén que "Na documentación obrante no expediente examinado non consta documentación algunha que xustifique, de forma individual e específica, os niveis de complemento de destino dos postos que se propoñen modificar, sen que tampouco conste a previa valoración obxectiva destes, (.../...)" polo que unha vez máis fálase da falta de obxectividade; que outro parágrafo relevante é o que di "(.../...)" polo que a asignación destes carece completamente de xustificación, se que tampouco se xustifique por que se homologan os concretos postos cuxo complemento de destino se incrementa e non outros (.../...)" insistindo unha vez máis en que o equipo de goberno actúa de forma discrecional e non obxectiva; que no informe da Secretaría municipal pódese ler tamén que "Reitérase novamente o sinalado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo da necesidade de realizar unha axeitada valoración obxectiva de todos os postos de traballo (.../...)" precisando isto de que se faga un inciso porque o equipo de goberno trouxo ao pleno unha modificación da relación de postos de traballo hai uns meses porque había que metela no cadro de persoal do orzamento de 2020, parado por esa cuestión, e lembra que daquela se dicía que si que era o desexable pero que facía falta tempo, vendo agora que se presenta meses despois da mesma forma polo que dá a entender que non hai intención de facelo ben e unha vez máis tráese o que convén, parecendo que se fai adrede; que a Secretaría municipal no seu informe segue a dicir "(.../...)" por mor de modificacións normativas, sufriron variacións nas súas funcións, xa que se está a incumplir a normativa xeral en materia retributiva (.../...) polo que se traslada á Corporación a necesidade e obriga de efectuar dita valoración."; que lle gustaría tamén resaltar outro parágrafo que di que "No documento UPO14I014D se fala da integración do servizo de persoal na área da Alcaldía indicándose "dependente do Gabinete Técnico". En relación a este extremo, sinalar que na actual estrutura da organización administrativa do Concello, que o é a nivel de servizo, non resulta conforme que un servizo que conta cun/cunha xefe/a de servizo (de persoal e organización) dependa doutro (neste caso do xefe de Gabinete Técnico), xa que na estrutura xerárquica a nivel de servizo a cúspide da organización corresponde aos/as xefes/a de servizo."; que se di todo isto pero para el máis concluínte é o que se di ao final onde se explica que sería o procedente e que habería que facer, polo que o equipo de goberno non pode dicir que non sabe o que hai que facer, polo que se incumpren e infrinxen continuamente a legalidade nestas cuestións é porque queren polo que non van votar a favor desta proposta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 19 de abril de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Votos en contra: nove (9), dos Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 19 de abril de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 29.04.2021 RELATIVA A APROBACIÓN DE PROXECTOS CORRIXIDOS DAS OBRAS "MELLORAS NA ESTRADA DE FOLGUEIRA A VINXEIRA" E "PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE TARRÍO" INCLUÍDAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía de data trinta de abril de dous mil vinte e un (código de documento UCP15I00KA), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Presidencia procede á lectura da proposta presentada que transcrita literalmente di:

"PROPOSTA AO PLENO:

Vista a resolución da Alcaldía de data 29 de abril de 2021, que transcrita literalmente di:

"RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Culleredo en sesión celebrada o 04 de febreiro de 2021 aprobou a participación no Plan Provincial de cooperación das obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, e a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican na mesma, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2021, achega provincial 2020 e préstamo provincial 2021.

Unha vez que se presentou a solicitude, a Deputación Provincial achegou un requerimento a través da plataforma SUBTEL no que sinala que os proxectos de obra Melloras na estrada de Folgueira a Vinseira (VP-480) e Rehabilitación e acondicionamento do polideportivo municipal de Tarrío deben ser corrixidos en diversos extremos.

Unha vez que os redactores dos proxectos procederon á subsanación dos aspectos contidos nos requerimentos e vistos os proxectos corrixidos, os informes emitidos polo xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras sobre as correccións efectuadas (documento UME15I01BO, UME15I01CR e UME15I01HC). En base a todo o cal,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar os proxectos corrixidos das seguintes obras incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña:

Achega provincial	Melloras na estrada de Folgueira a Vinseira	DOCUMENTO: URP15E06GI
-------------------	---	-----------------------

2020	(VP-480). Concello de Culleredo	COVE: 5Z5A 3A3S 4L4F 023T 0S3M
Plan Complementario	Proyecto de Rehabilitación e Acondicionamento do Polideportivo Municipal de Tarrío	DOCUMENTO: URP15E09AG COVE: 311M 2265 522A 3352 09DW

Segundo.- Someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.”

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

A ratificación da resolución anteriormente transcrita.”

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ás veces puidera parecer que o seu grupo quixera votar sempre que non ás propostas que se traen ao pleno pero non é así, pero o que sucede é que unha vez máis teñen que dicir que o equipo de goberno trae as cousas tarde, mal e a rastro, almorzando todos os días no Concello con sentenzas, con falta de documentación, con requirimentos, pasando algo todos os días no Concello nada máis levantarse, sendo o que máis extraña ao ver a orde do día coa documentación é que moitos veciños están convencidos de que as obras se paran por culpa do grupo político do BNG, e como hai plenos anteriores que non se transmitiron van dicir por que, porque a obra “Melloras na estrada de Folgueira a Vinseira” vén de anos atrás, parecendo a historia de nunca acabar, desde o 2018 que se vén propoñendo aprobar esta obra, a rectificación porque houbo un requirimento da Deputación, preguntando se non se poden facer as cousas ben e non botarlle sempre a culpa ao BNG, á oposición, cando hai un goberno con maioría que sempre presenta as cousas mal, motivo este polo que o seu grupo non pode votar a favor da proposta.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que se viron tres proxectos que se envían á Deputación e tres proxectos que veñen de volta por erros, sendo o primeiro proxecto o do pavillón de Tarrío, que hai que revisalo porque non cumpre o Real Decreto un douscentos un que di que os edificios públicos deben ser accesibles, indicando que por normativa galega de accesibilidade hai que especificar as condicións de accesibilidade dos elementos afectados pola reforma; escaleiras, ramplas, ascensor, aseos; que o seu grupo xa no ano anterior avisou deste problema e presentou unha moción sobre un plan de accesibilidade dos pavillóns do Concello que foi aprobada por unanimidade e di que presentaron dita moción porque viron que a pesar de ser reformados facía pouco tempo, ningún cumpría a normativa de accesibilidade, presentándose tamén este problema de accesibilidade noutros proxectos e xa fai meses avisaron sobre que o proxecto de reforma da Torre de Celas, na parte relativa aos aseos, non cumpren coa dita normativa, así como as escaleiras para subir á zona multiusos e sobre a que solicitaron un estudio sobre a posibilidade de instalación dun ascensor; que a reforma do Centro Social de Sésamo incumpe tamén a normativa de accesibilidade polo que pregunta que se vai facer con todos estes proxectos que non cumpren porque se se fan así as obras faranse sen cumprir unha normativa de accesibilidade que é de obrigado cumprimento; que o proxecto número 2 que tamén había que corrixir era o da estrada de Folgueira a Vinseira e viron tamén que na rotonda da N-550 con Pérez Lugín hai requirimentos de falta de documentación que non se envía á Deputación, en concreto un informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos.

Responde a Sra. Presidenta e di que na documentación que se presenta neste punto indícase que os erros detectados nos proxectos aprobados son totalmente subsanables e os informes técnicos municipais así o fan ver; que a Deputación ofrece dúas canles para esta aprobación, sendo a primeira unha aprobación polo pleno da Corporación e outra que a aprobación a faga o Sr. alcalde por resolución e se someta posteriormente a ratificación

do pleno; que neste caso os proxectos corrixidos aprobáronse por resolución da Alcaldía e o que hoxe se trae ao pleno é a súa ratificación.

Intervén de novo a Sra. García Gorostizu e di que o seu grupo entendeu iso perfectamente e de feito xa votaron a favor na anterior ocasión e agora volverán a facelo pero non entenden que se teña que corrixir un proxecto por falta de accesibilidade cando é un tema recorrente no Concello, solicitando se lles informe sobre o proxecto de reforma da Torre de Celas e do Centro Social de Sésamo se se van a corrixir, se xa se corrixiron ou que se vai facer; que toda a información que deron sobre este punto aparecía a obra da N-550 e sobre ela falta un informe necesario, preguntando que pasou con esta obra.

Responde a Sra. Presidenta e di que se falta información requirírase e achegárase e respecto dos proxectos ela supón que se subsanarán se é o que xa se dixo; que no próximo pleno se lles dará máis información porque ela nese momento non ten máis información sobre todos eses expedientes dos que pide aclaración.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que os proxectos están mal e se require a súa subsanación polo que pregunta a quen se lle están encargando.

Responde a Sra. Presidenta e di que ela supón que a adxudicación farase tras un concurso.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 19 de abril de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A IMPULSAR O CENTRO LOXÍSTICO DE TRANSPORTES DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e tres de abril de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Presidencia somete a debate e votación do Pleno a moción presentada que transcrita literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para impulsar o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Loxístico de Transportes de Culleredo foi obxecto de múltiples irregularidades desde a súa xestación ate o momento actual no que acabamos de saber que o Concello de Culleredo pode perder millóns de euros polas reclamacións da exconcesionaria.

É hoxe o día que aínda non se tomou posesión do pouco que se salvou para o patrimonio público tras o rescate da concesión. Non queremos nós dar por perdido aquilo que sempre defendimos que debera revertir para o patrimonio público, pero neste momento queremos facer fincapé noutra cuestión e expoñer unha proposta para relanzar o seu potencial económico.

É sabido que está en marcha o plan de dotar ao porto exterior de conexión ferroviaria.

Do que sabemos ata agora, o Goberno do Estado pretende comunicar ese acceso do tren no polígono de Vio. Sería unha perda de oportunidade desbotar prolongar ese acceso ata o CLT de Culleredo. O traxecto do camiño de ferro xa existe posto que por alí pasaba o tren. O propio proxecto técnico do CLT así como o acordo de concesión para a súa contrución contemplaba facer nos terreos que lindaban coas vías, unha estación intermodal de mercancías que finalmente non foi construída e as vías levantadas.

Por outra banda, o próximo e progresivo traslado das infraestruturas do porto da Coruña vai levar aparelada a necesidade de novos espazos para a loxística de transporte por camiión. Segundo cálculos do sector, é posible que se necesite aparcamento para 800 camiións nun futuro próximo. As asociacións do sector do transporte por estrada están a reivindicar aparcadoiros seguros para os vehículos pesados. As normativas de descansos, os roubos habituais nos vehículos que se están acentuando coa crise económica derivada da pandemia, o encarecemento dos seguros debido a eses roubos cada vez máis frecuentes, fan que a necesidade de aparcadoiros vixiados, pechados e próximos a servizos de aloxamento e restauración, sexa a cada día que pasa, máis urxente.

O CLT naceu coa vocación de ser unha verdadeira cidade do transporte e a intermodalidade do transporte de mercadorías está sendo impulsada pola UE mesmo con fondos que teñen ese destino concreto. Estamos nun momento en que deberamos defender e reivindicar a utilidade, as fortalezas e as oportunidades que supoñen e que se abren para o CLT de Culleredo. Entre esas fortalezas está a súa ubicación a carón da autovía e a proximidade á autoestrada AP9, ao aeroporto, tamén que segue existindo alí o antigo trazado da vía do tren que constitúe a parte máis custosa dun proxecto de achegar o tren a calquera sitio, posto que fai innecesarias as expropiacións e explanacións dos terreos, de forma que conflúen todas as modalidades de transporte de forma que está chamada a ser o punto de intermodalidade da comarca. As oportunidades están, no momento actual de decisión de como será o acceso por camiño de ferro ao porto exterior ou, a necesidade dunha ubicación alternativa a todo o que vai trasladarse do porto da Coruña respecto da cuestión loxística de transporte de mercadorías.

Pero o máis importante é a capacidade do CLT para cumprir o obxectivo para o que foi concebido; ser unha auténtica cidade do transporte e así proporcionar as utilidades que precisan os servizos loxísticos actuais así como os traballadores e traballadoras, e cumprir a súa misión de vertebrar Galiza na vertente da loxística e a distribución de mercadorías.

Para todo o anterior, o Concello de Culleredo ten que poñer da súa parte o impulso á toma de posesión dos bens que lle pertencen como resultado do rescate da concesión, e tamén debe esclarecer que dereitos existen para aqueles terreos que foron expropiados ou adquiridos pola concesionaria baixo o poder que lle outorgaba ser o beneficiario da expropiación. Non debe darse nada por perdido e é preciso que o que ía ser unha instalación pública o sexa.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se reclame do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que se elaboren os estudos necesarios para determinar a viabilidade técnica e económica de achegar o camiño de ferro do porto de Lagostreiras ao CLT de Culleredo.
2. Que se demande da Xunta de Galiza

C.I.F. P-1503100-H

- a. Os estudos de viabilidade necesarios para a creación no CLT de Culleredo, dos aparcadoiros de vehículos pesados necesarios para a demanda da comarca, así como das instalacións necesarias para complementar unha verdadeira cidade do transporte.
- b. Que se doten as partidas económicas precisas para acondicionar os aparcadoiros e instalacións que se decidan.
3. Que se dea traslado deste acordo á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno non pode apoiar a moción que presenta neste punto o grupo político do BNG porque namentres o tema estea no xulgado o goberno municipal non vai facer ningunha valoración ao respecto e, en calquera caso, unha vez que quede expedita a vía xudicial actualmente en curso e se permita ao Concello de Culleredo a toma de posesión efectiva do Centro Loxístico de Transportes, cos bens a reverter, impulsárase o futuro desta instalación promovendo a súa articulación co porto da Coruña, o aeroporto, e demais zonas industriais e de servizos da área.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non entende a intervención da Sra. Iglesias Becerra porque a proposta do acordo, a parte resolutiva, os puntos 1, 2 (a e b) e o punto 3, non interfere para nada co que vén de dicir dita concelleira que, adiantándose non se sabe a que, fai reseñas sobre a parte expositiva, parte esta que ten que informar e aclararlle a toda a xente que está no pleno e que está escoitando como está a situación, polo que a parte resolutiva, que é o que realmente se aproba, está ben claro e do que se trata é de reclamar ao Ministerio de Transportes a realización dos estudos necesarios para determinar a viabilidade técnica e económica de achegar o camiño de ferro do porto de Lagostreiras ao CLT de Culleredo, cuestión esta que non depende para nada do que vén de dicir a Sra concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica; que se pide tamén que se demande da Xunta de Galicia a realización dos estudos de viabilidade necesarios para a creación no CLT de Culleredo dos aparcadoiros de vehículos pesados necesarios, sendo evidente que o Centro Loxístico pode medrar todo o que queira e haberá que ter estudos de se se poderá facer nas parcelas existentes aparcadas, noutras adicionais, etc, porque se hai un centro do que partir pode dar lugar a moitas máis utilidades cos recursos necesarios e a partir de aí, unha vez feitos eses estudos de viabilidade e os proxectos, teranse que aprobar as partidas económicas necesarias e, por último, que se lle dea traslado á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Transportes, un complemento do anterior, polo que pensa que a parte resolutiva para nada entra en contradición coa parte anterior e pide que o equipo de goberno reconsidere a súa intención de voto.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que é claro que hai que impulsar o Centro Loxístico de Transportes e o equipo de goberno vaino facer, pero o que non pode é apoiar o argumentario da moción que se propoñen porque, efectivamente, o Centro Loxístico de Transportes é unha infraestrutura estratéxica e así o viu este Concello hai máis de vinte anos, cando iniciou a súa tramitación; di que o Sr. Chouciño pretende facer crer que está a descubrir todas as vantaxes dun Centro Loxístico de Transportes cando foi o goberno de Culleredo o que tivo a visión das súas potencialidades e quen o levou a cabo afrontando todas as dificultades que polo camiño foron xurdindo; di que a intermodalidade pola que agora aposta a Unión Europea é unha aposta que xa fixo o Concello de Culleredo hai xa máis de vinte anos e recorda que o contrato de adjudicación xa se formalizou no ano 1999 tras un procedemento aberto de licitación pública e no ano 2000 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo; di que quere recordar tamén que, xa no seu momento, fíxose unha reclamación ao Estado para o mantemento das vías do tren que existían xunto ao Centro Loxístico, obtendo como resposta o desmantelamento das mesmas, que naquel momento non compartiron, agardando que, unha vez se dite sentenza firme, se poida impulsar a dita instalación, como sempre quixo o goberno municipal; di que namentres o tema da posesión e da liquidación estea xudicializado o equipo de goberno non se vai pronunciar.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación o Sr. Chouciño Garrido solicita novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, di que o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo chámase Centro Loxístico e non é un polígono industrial máis porque reúne unhas determinadas características porque, evidentemente, a Xunta de Galicia estimou que, á hora de vertebrar o país, nunha das poucas intervencións que se poden calificar como aceptadas, Culleredo era o sitio idóneo pola confluencia de todos os medios de transporte que comentaron antes; que iso é así e o vén de comentar na exposición de motivos pero outra cousa é que se faga na exposición de motivos unha obra de historia para poder ver en que momento se está porque cando o grupo político do BNG, proposta tras proposta, di que os informes están mal e que se presentan aínda con advertencias de que o están, o que queren é referirse a temas como este porque no seu momento parece que non houbo un acordo ben amarrado con Adif porque o Concello pensou que aí ía instalarse unha estación intermodal e despois levantáronse as vías; di que outra cousa que non lles gusta é que a Sra. Iglesias Becerra os acuse de que están tentando descubrir algo porque o único que pretenden é colaborar con propostas porque para iso é para o que están os 21 membros que conforman a Corporación municipal, propostas que hai que estruturar o mellor posible e entre esa estrutura está a exposición de motivos que vén de facer, concluíndo cunha parte resolutiva que non interfere para nada co tema de que está xudicializado; di que está xudicializado desde o 2017 e non se iniciara nese ano porque levaban máis de dous anos caducando os expedientes de resolución polo que é claro que ten unha historia de irregularidades e de cousas moi extrañas e agora a concesionaria pide 17 millóns de euros de compensación e se ben é certo que hai unha sentenza en contra que non lle recoñece esa cantidade pero si di que hai que volver a liquidar; que a sentenza sobre a liquidación foi recurrida pola empresa exconcesionaria e non polo Concello nunha situación totalmente inexplicable na que o propio xuíz di que lle sorprende que se pida un aval cando non se recorreu por parte do Concello; di que a parte esencial de todo este asunto é que, a pesar de todo o que dixo, a Corporación municipal o que non pode agora é sentarse a esperar porque cando o Goberno Central decida que se vai levar o tren ao porto exterior que se poida dicir que estamos aí e que chegue ao Centro Loxístico de Transportes de Culleredo e o Concello ten que estar tamén cando haxa que ir a algún sitio por esa progresión no desmantelamento que se está a producir nas infraestruturas de loxística do porto da Coruña; que o Sr. Alcalde nunha intervención pública que fixo en youtube falou tamén de loxística e agora do que se trata é de que “non se pase ese tren” porque se se espera a que se resolvan os temas que están xudicializados o tren pásase.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que se hai algunha parte concreta da exposición de motivos que non agrade ao equipo de goberno e que non sexa fundamental para o sentido da moción, o grupo político do BNG está disposto a retirala pero considera que hai que facer o impulso referido na moción e que hai que aprobala.

De seguido fai uso da palabra a presidenta Sra. Pombo Carril e di que tal como explicou a Sra. Iglesias Becerra, non se trata de que o equipo de goberno non estea de acordo co que se solicita senón que simplemente non é o momento para facer todas estas reclamacións; que o alcalde está mantendo as conversas pertinentes co Ministerio de Transportes, coa Xunta de Galicia, coa Deputación provincial para darlle impulso ao CLT pero a vía xudicial ten que estar resolta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 23 de abril de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Votos en contra: dez (10), dos/as Sres/as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación a moción do grupo político do BNG non resulta aprobada.

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A INCOAR EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA LICENZA EXPEDIDA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTACIÓN DE SERVIZO NUNHA PARCELA SITUADA NA PARROQUIA DE LEDOÑO.

(neste momento auséntase da sesión o Sr. Rico Verea)

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e tres de abril de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaoto (18), dos/as Sres./as Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstención: unha (1), do Sr. Rico Verea (en virtude do artigo 100.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Á vista do resultado da votación, ratifícase a inclusión na orde do día da moción relativa ao asunto epigrafiado.

De seguido a Presidencia somete a debate e votación do Pleno a moción presentada que transcrita literalmente di:

(neste momento incorpórase á sesión o Sr. Rico Verea)

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta para incoar expediente de revisión de oficio da licenza expedida na resolución 1203 de 2020 á entidade Estación de Servicio CLT Culleredo SL para a construción dunha estación de servizo nunha parcela situada na parroquia de Ledoño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que a petición de revisión de oficio da autorización previa á licenza por parte de Augas de Galiza non tivo aínda resposta, e vendo que a obra da gasoleira continúa a construírse en solo rústico, na braña da zona de protección do río Valiñas e revisada a lexislación ao respecto do solo rústico de especial protección, temos que dicir que:

. Que o PXOU de Culleredo data do ano 1987 e que desde esa data a Lei do Solo cambiou varias veces e existe múltiple lexislación sectorial respecto das augas, procedente tanto do Parlamento Galego, como do Estado Español como da Unión Europea.

. Que a Lei do Solo¹ di que as condicións de edificación en solo rústico deben cumprir a condición de mínima alteración do relevo natural dos terreos. Tendo en conta ademais que no documento de resposta ás alegacións veciñais se di que “a cota da explanada proposta para a instalación da estación de servizo (32metros)”, e estando como está a superficie anegada máis baixa que o nivel da carretera, polo que se entende se fará un recheo para enrasar con ela, incumprírase a garantía de mínimo impacto visual sobre a paixase e mínima alteración do relevo natural dos terreos.

. Que das máis nítidas das cuestións legais que contradín as autorizacións para a instalación da estación de servizo, é cando o Regulamento do Dominio Público Hidráulico di claramente que entre as limitacións aos usos do solo na zona de fluxo preferente está a de non construír “instalaciones que almacenen, transformen, manipulen, generen o viertan productos que pudieran resultar perjudiciales para la salud humana y el entorno (suelo, agua, vegetación o fauna) como consecuencia de su arrastre, dilución o infiltración, en particular estaciones de suministro de carburante,” e tamén prohibe edificacións baixo rasante como sotos ou garaxes, e parece de sentido común pensar que a instalación baixo rasante de depósitos de combustible propios dunha gasoleira entran nesa categoría.

. Por se todo o anterior parecera pouco motivo, tamén establece o RDHP² que as construcións se realizarán, en la medida de lo posible, fuera de las zonas inundables. Por iso no seu momento fixemos valer que a dous quilómetros a cada lado de onde se está facendo esta estación de servizo existe cadansúa gasoleira, e a día de hoxe podemos transmitirle polo que nos indican os veciños que son propiedade da mesma empresa, e que por tanto se pode concluír que a construción desta nova estación non é para cubrir unha necesidade social senón só para situarse nunha zona máis atractiva comercialmente malia facelo (*neste momento desconéctase da sesión o Sr. Iglesias Gómez*) nunha zona na que non se pode facer. Por tanto entra claramente no suposto mencionado de que “na medida do posible hai que facelo fora de zonas inundables”, por que é posible non facer esa instalación aí e facela noutra parte.

. O RDHP³ deixa ben claro o motivo de regular as zonas de ribeira dos ríos e non é outra que previr o deterioro dos sistemas acuáticos, e favorecer a función dos terreos colindantes cos cauces na laminación de caudais e carga sólida transportada. E unha construción dunha estación de servizo nunha plataforma recheada a carón do río para enrasar coa carretera non vai nesa dirección.

Entendemos que non se tivo en conta nin por Augas de Galiza nin na Licenza Municipal as situacións que as Leis recoñecen para a protección do entono dos ríos como pasamos expoñer:

. A Lei de conservación e mellora dos ríos galegos⁴ establece que o estado dos ríos galegos arrédase moito do obxectivo de bo estado, o que fai necesario un plan de acción para corrixir esta situación. Pois ben, non se pode entender que a Lei estableza a necesidade dun plan de acción, mesmo propoñendo medidas de gasto para facelo, e que se permitan autorizacións que perxudican ás brañas do entorno dos ríos.

. A mesma Lei⁵ establece un contido para os plans hidrolóxicos que teñen que cumprir a directiva europea ao respecto e que por tanto teñen que ter en conta a mellora integral dos ecosistemas fluviais atendendo ás características morfolóxicas e á calidade da zona ribeirega e a prevención da contaminación difusa, e tamén o establecemento de medidas de restauración de zonas húmidas e zonas de inundación dos ríos e restauración hidrolóxico forestal das vacías.

. Que a Lei do Solo⁶ establece que os concellos que durante a elaboración do Planeamento observen ámbitos que non contén con protección e que a merezan por ter valores merecentes de especial atención poden outorgarlla, e tal é a situación das marxes do río Valiñas, e non por que o digamos nós, senón por que así está recollido no documento de avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente ao PXOM en tramitación en Culleredo⁷.

. Polo que non entendemos que na resposta ás alegacións da veciñanza desde Augas de Galiza se conclúa que “Segundo todo o anterior, non se observa prexuízos significativos en canto á protección do dominio público hidráulico, observándose, en todo caso, o cumprimento do artigo 14 bis do R.D. 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico.” Non o entendemos por que non é certo.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se incoe polos servizos municipais, expediente de revisión de oficio da licenza outorgada na resolución 1203/2020 e se soliciten os informes técnicos para tramitala.
2. Que se proceda ás accións, inspeccións, actuacións, revisións, que fagan falla para evitar que se constrúa unha instalación innecesaria, que afecta a unha zona que debe ser protexida por que así o dí o sentido común e é avalada polas Leis que temos mencionado.

¹ Subsección 4ª. Condicións de edificación

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

² Artículo 14 bis. Limitaciones a los usos del suelo en la zona inundable.

Con el objeto de garantizar la seguridad de las personas y bienes, de conformidad con lo previsto en el artículo 11.3 del texto refundido de la Ley de Aguas, y sin perjuicio de las normas complementarias que puedan establecer las comunidades autónomas, se establecen las siguientes limitaciones en los usos del suelo en la zona inundable:

1. Las nuevas edificaciones y usos asociados en aquellos suelos que se encuentren en situación básica de suelo rural en la fecha de entrada en vigor del Real Decreto 638/2016, de 9 de diciembre, se realizarán, en la medida de lo posible, fuera de las zonas inundables.

³ Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, que desarrolla los títulos preliminar I, IV, V, VI y VII de la Ley 29/1985, de 2 de agosto, de Aguas.

La regulación de dichas zonas tiene como finalidad la consecución de los objetivos de preservar el estado del dominio público hidráulico, prevenir el deterioro de los ecosistemas acuáticos, contribuyendo a su mejora, y proteger el régimen de las corrientes en avenidas, favoreciendo la función de los terrenos colindantes con los cauces en la laminación de caudales y carga sólida transportada.

⁴ LEI 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

Exposición de motivos:

O estado actual dos ríos galegos arrédase moito do obxectivo de bo estado, o que fai necesario un plan de acción para corrixir esta situación.

A alteración física do hábitat é o principal impacto sobre os nosos ríos e ecosistemas de auga doce: eliminación de zonas de inundación, destrución das brañas e mananciais, dragados, canalizacións, aproveitamentos hidroeléctricos e mesmo algúns paseos e praias fluviais.

⁵ Artigo 3º.-Contido dos plans hidrolóxicos e rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos.

1. Os plans hidrolóxicos aos que fai referencia o artigo anterior incluírán programas ou plans de medidas que, como resultado dos estudos técnicos e das análises económicas realizadas previamente, permitan acadar os obxectivos que establece a Directiva 2000/60/CE.

Os programas ou plans de medidas incluírán previsións en materia de:

a) Restauración dos ecosistemas fluviais, especialmente no referente aos indicadores de réxime hidrolóxico e continuidade do río e prevendo as necesidades de restauración que o requiran para garantir o bo estado das augas.

b) Mellora integral dos ecosistemas fluviais, atendendo ás características morfolóxicas, tales como a avaliación de profundidade e anchura do río, a estrutura, o substrato do leito, a calidade da zona ribeirega e a prevención da contaminación difusa.

c) Medidas de restauración de zonas húmidas e de zonas de inundación dos ríos, e de restauración hidrolóxico-forestal das bacías.

⁶ LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Esta Lei, establece no art 34.3:

3. Os concellos que durante a elaboración do seu planeamento e como consecuencia do estudo detallado observen ámbitos que, pese a non contar con protección sectorial, conteñen valores merecentes de especial protección poderán outorgarlles tal categorización, logo da xustificación axeitada e conformidade expresa da administración que teña a competencia sectorial.

⁷ Resolución do 17 de xullo pola que se formula a memoria ambiental do Plan Xelral de Ordenación Municipal do Concello de Culleredo”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que lle quere facer unha pregunta ao Sr. Chouciño que poderá contestar simplemente con un si ou con un non, e que é se leu os informes técnicos.

O Sr. Chouciño Garrido responde que a esa pregunta contestará despois.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o vai volver a explicar porque é o mesmo que trouxo da outra vez e que o Regulamento do Dominio Público Hidráulico si que di que entre as limitacións aos usos de solo en zona de fluxo preferente non se poden construír estacións de subministro de carburante; que iso é certo pero o tema é que nos estudos que se fixeron sobre o terreo, a parcela non se atopa na zona de fluxo preferente e isto nin o di ela nin o Sr. Chouciño nin o Sr. Alcalde senón que o din os técnicos expertos na materia; que a sobreelevación acadada en toda a súa superficie é inferior a 30 cm o que permite concluír que a parcela se atopa en zona de fora de fluxo preferente polo que si é posible instalar nela unha gasolinera; que outro punto no que se basea esta petición é na Lei do Solo de Galicia que di que as condicións de edificación en solo rústico deberán cumprir a condición mínima de alteración do relevo natural dos terreos, incumprimento que o Sr. Chouciño afirma polo que lle pregunta en que se basea para facer esa afirmación e se responde só a unha apreciación súa; di que as diferenzas entre a lámina de auga varían entre os 5 e os 8 cm., o que significa unha diferenza de calado máximo dun 8,5% que ao tratarse dunha zona inundable, non urbana, non se considera significativa, desdicindo unha vez máis os técnicos ao Sr. Chouciño cando din que a alteración non se considera significativa; di que, en resumo, o proxecto cumpre cos requirimentos exixibles a unha estación de servizo instalada en solo rústico porque esa parcela é solo rústico agropecuario sen ningunha protección e lle pide ao Sr. Chouciño que non queira confundir; di que as autorizacións están ben outorgadas e todos os informes competentes son favorables e o grupo político do BNG pretende que o pleno se extralimite e poida incurrir en prevaricación e vaia en contra do criterio dos técnicos por unha pataleta do Sr. Chouciño polo que o seu grupo votará en contra.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o Sr. Chouciño Garrido pretende que se revise unha licenza outorgada conforme a dereito non porque haxa indicios de que estea mal outorgada ou con incumprimento dos requisitos necesarios para iso, parecendo que o que pretende é xerar un dano a un particular, á marxe da lexislación aplicable (Estradas de Galicia, Lei do Solo), baseándose, sesgadamente, no Regulamento do dominio público hidráulico, texto legal que xa foi tido en conta polo organismo titular das competencias nesta materia, que é Augas de Galicia; di que, en definitiva, o que pretende o Sr. Chouciño é ditar unha nova resolución contraria a Dereito e a sabendas, ao que se lle chama prevaricación.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el ten visto a inconcebible resposta de Augas de Galicia ás alegacións veciñais e xa ten visto iso de que os estudos din que non está en fluxo preferente, que as elevacións chegan a onde non chega a auta o que lle parece unha perogrullada porque se se rechea ata onde non chega xa non vai chegar e iso constitúe unha alteración do terreo que vai ser sempre unha apreciación subxectiva; di que tanto a Sra. García Gorostizu como a Sra. Iglesias Becerra din que o que quere o seu grupo é que o pleno se extralimite e indica que o pleno non se extralimita nas súas competencias cando inicia unha revisión de oficio e que incurriría nesa extralimitación cando despois de iniciado, despois de tramitado, e despois de volver a pleno para finalizar o expediente, se aprobara con informes en contra, e sería ademais dunha extralimitación unha irregularidade pero agora só se está propoñendo aprobar o inicio, baseado en que hai indicios que el vén de expoñer porque os funcionarios se poden equivocar e non sería a primeira vez, sobre todo cando hai un PXOM do ano 1987, e non sería a primeira vez que se revisa de oficio un expediente, e neste pleno xa se ten aprobado iniciar algunha revisión de oficio, se ben é certo sen concluír, o que si supón unha

anomalía que pode incurrir nun ilícito calificable por quen corresponda; que el xa explicou como é este tema e non sabe se agora as intervencións da Sra. Iglesias Becerra o son por descoñecemento ou por confundir á xente; di que cando hai indicios suficientes de que algo está mal, o normal é que se revise e non só polo pleno senón por calquera órgano que toma unha decisión, estando a revisión de oficio dos expedientes na Lei de procedemento administrativo, sendo o procedemento que se establece para cando algo se fai mal porque os funcionarios non son infalibles e este procedemento ten unha tramitación que contempla un inicio e iniciar, pedir os informes correspondentes, revisar o acto, tramitalo e despois propoñer unha conclusión para nada pode incurrir (*neste momento conéctase á sesión o Sr. Iglesias Gómez*) nunha prevaricación nin en ningún tipo de ilícito polo que, despois desta explicación, di que non procede para nada o que veñen de dicir as concelleiras nas exposicións anteriores e, dirixíndose á Sra. García Gorostizu, lle di que non é unha pataleta pois se trata dunha preocupación polo estado dun sitio que está calificado polo documento ambiental da Xunta de Galicia sobre o PXOM como o único sitio do Monte Xalo de espazos naturais a protexer e non está protexido agora porque hai un PXOM do ano 87 e hai un en marcha desde o ano 2008 polo que non é unha pataleta, pedindo se teña coidado cos adxectivos e os sustantivos que se usan.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que quere responderlle tamén ao que dixo a Sra. Iglesias Becerra respecto de que o Sr. Chouciño Garrido quere prexudicar a un particular porque isto non é así, que non quere prexudicar a ninguén e o único que pretende o seu grupo é que se respecte a Lei, que se respecte o medioambiente e o patrimonio natural de Culleredo, sendo iso o que os move e por iso fan esta acción despois de intentalo por outra vía hai un mes ou dous, cando se pediu que Augas de Galicia revisara a autorización previa á licenza e como viron que esa petición non prospera acoden agora a outra vía que é que o Concello revise a súa licenza, pedindo novamente o voto favorable.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o Sr. Chouciño non lle respondeu á pregunta que lle fixo en reiteradas ocasións e volve a preguntarlle se leu os informes técnicos.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que leu toda a documentación relativa á tramitación da solicitude previa de Augas de Galicia, as alegacións veciñais, a resposta ás alegacións veciñais, o que considera suficiente para motivar o que propoñen aquí.

Intervén de novo a Sra. García Gorostizu e di que xa lle quedou claro que o Sr. Chouciño Garrido non leu os informes técnicos nos que se basea para presentar esta moción e neses informes é onde se di que todo o que o que expón o Sr. Chouciño non é certo porque a parcela non se atopa en zona de fluxo preferente e se el tivera lido os informes técnicos iso o sabería.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que no pleno de data 3 de marzo, no que o grupo político do BNG trouxo unha moción sobre este mesmo tema, acordouse reclamar a Augas de Galicia a revisión de oficio da autorización para a construción da gasoleneira e dito grupo pretende agora, sen agardar á resolución de dita reclamación, que o Concello incoe un expediente de revisión de oficio da licenza, o que o equipo de goberno non pode apoiar pois a licenza xa foi outorgada con base nos informes existentes e a súa anulación, sen unha previa revisión da autorización de Augas de Galicia que o avale, non estaría xustificada e o equipo de goberno, ao igual que o Sr. Chouciño Garrido, quere tamén cumprir coa Lei e entenden que esta licenza foi outorgada en base á lexislación correspondente e cos informes pertinentes de Augas de Galicia.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que a Sra. Izaskun di que os informes din que a zona non está en fluxo preferente e di que a iso se refire cando di que os funcionarios se poden equivocar e que isto xa se discutiu hai un mes ou dous cando se deliberou e se acordou pedirle a Augas de Galicia que reconsiderara o seu informe porque como xa dixo daquela hai unha cuestión que é a evidencia e os ollos de todo Culleredo viron como cando a excavadora iniciou alí os xacementos aquilo abnegouse polo que aínda que miles de papeis digan que aquilo non é fluxo preferente e non é zona inundable os ollos de todo Culleredo viron que

si o é; di que a Sra. Iglesias Becerra dixo que non esperaron resolución do que se solicitou a outra vez pero resulta que previamente xa lle preguntaron ao Sr. Alcalde se sabía como estaba a cuestión da revisión da autorización solicitada a Augas de Galicia e o Sr. Alcalde contestou que o equipo de goberno está en constante comunicación con dito organismo por esa cuestión e por moitas outras e que o máis probable era que iso non prosperara, dando a impresión de que ao equipo de goberno lle preocupa moi pouco que nunha zona sobre a que se está indicando que ten que ser protexida prospere nada máis e nada menos que unha gasoleira, que en Patrimonio Natural de Culleredo se faga unha gasoleira á marxe de que a calificación estea concluída, estea iniciada ou estea tramitada, pedindo o voto favorable unha vez máis.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Presidenta e di que ao seu grupo lle preocupan as cousas de Culleredo tanto como ao grupo político do BNG pero o Concello é Administración e non se pode actuar con criterios diversos ou distintos; di que hai lexislación e a pesar de que a que menciona o Sr. Chouciño Garrido é certa resulta incompleta porque hai máis leis e hai leis que establecen que se poidan facer determinadas cousas, entre elas esta; que é certo que os técnicos pódense confundir, pero os informes teñen que estar acorde coas leis e o Concello de Culleredo non pode ir en contra das leis, non pode incoar algo cando a lei é contraria e por iso hai un procedemento administrativo que permite facer as reclamacións que se queira pero hai unha lexislación da que non se poden ler só os artigos que interesan senón que hai que lela combinada porque normalmente as leis unhas regulan e lexislan as outras.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 23 de abril de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Votos en contra: trece (13), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación a moción do grupo político do BNG non resulta aprobada.

9.- DACIÓN DE CONTA PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO, EXERCICIO 2020.

A Presidencia dá conta do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo, exercicio 2020, presentado pola señora interventora municipal en data 12 de abril de 2021 (código de documento UIT15I00C8).

10.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME ANUAL NO MARCO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO, EXERCICIO 2020.

A Presidencia dá conta do informe anual no marco do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo, exercicio 2020, presentado pola señora interventora municipal en data 27 de abril de 2021 (código de documento UIT15I00AQ).

11.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ACORDANDO SOLICITAR A ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XUNTA E A FEGAMP PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXIANCIA E CONTROL FRONTE Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA).

A Presidencia dá conta da resolución da Alcaldía de data 12 de abril de 2021 (código de documento USG15I01IS) relativa ao asunto epigrafiado.

12.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 272 resolucións numeradas da 382 á 653 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
382	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/34, por un importe total de 513,94€.	
383	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/35, por un importe total de 82.355,98€.	
384	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/36, por un importe total de 2.738,01€.	
385	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/37, por un importe total de 731,21€.	
386	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/38, por un importe total de 1.483,98€.	
387	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/39, por un importe total de 9.273,55€.	
388	17/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/40, por un importe total de 198.219,92€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
389	17/03/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/41 (Covid), por un importe total de 15.170,00€.	
390	17/03/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/42, por un importe total de 822,80€.	
391	17/03/2021	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2021).	
392	17/03/2021	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2021).	
393	18/03/2021	Concesión a R.K.L.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 696,84€ e para o pago do recibo de electricidade do período do 12-10-2020 ao 12-01-2021, por importe de 432,62€.	
394	18/03/2021	Concesión a Y.Y.M.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1125€.	
395	18/03/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.R.B. do recibo de auga do 4º trimestre de 2020 (59,51€).	
396	18/03/2021	Concesión a S.P.E.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 932,24€ e do recibo de auga do 3º e 4º trimestre de 2020 (197,22€).	
397	18/03/2021	Concesión a M.L.M.L. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 971,48€ e do recibo de auga do 3º e 4º trimestre de 2020 (158,32€).	
398	18/03/2021	Concesión a C.J.M.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
399	18/03/2021	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de J.C.F.P.	
400	18/03/2021	Concesión a N.K.Z.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
401	18/03/2021	Concesión a S.L.P.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
402	18/03/2021	Concesión a M.R.S.V. dunha axuda económica para o pago de comunidade por importe de 480€ correspondente a 12 meses de 2020, pago recibo electricidade 6 meses 2020 por importe de 230,75€ e máis recibos.	
403	18/03/2021	Concesión a M.C.B.N. dunha axuda económica para o pago de auga do 4º trimestre de 2020 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2021, pago recibos electricidade e gas correspondentes a 6 meses de 2021.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
404	18/03/2021	Atribución con carácter temporal, cunha duración de ata seis meses prorrogables por outros seis ao xefe de Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras J.R.P.R., das funcións de redacción de informes urbanísticos en materia do plan municipal e máis funcións.	
405	18/03/2021	Orde de anotación no Rexistro Municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 01-10-2020 e o 31-12-2020, ambos os dous incluídos.	
406	18/03/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 24-03-2021.	
407	18/03/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 22-03-2021.	
408	22/03/2021	Concesión a B.L.B. do servizo municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	
409	22/03/2021	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 25-03-2021.	
410	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación da obra "Rosalía" de Culturactiva".	
411	22/03/2021	Levantamento reparo Intervención e avocación competencia adxudic. contrato Activ. experim. fomento interculturalidade e integración social dirixida menores minorías étnicas e outras nacionalid. con dificultades socioecon. e aprendizaxe colexio Vila de Rutis.	
412	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación "Crónica dunha heterosexual insatisfeita".	
413	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación "O meu mundo non é deste reino" Teatro da Ramboia".	
414	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación "Puño Puñete" de Baobab Teatro".	
415	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación "Tabú" Tarabela creativa".	
416	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación "Catro" Caramuxo".	
417	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
		servizo "Representación "As virxes salvaxes"".	
418	22/03/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo "Representación "Crónicas do paraíso" Sarabela".	
419	22/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/43, por un importe total de 135.286,21€.	
420	23/03/2021	Informe favorable da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo SKODA OCTAVIA matrícula 0494-LHW, de 5 prazas, en substitución do vehículo 8372-JZT, solicitada por J.M.P.R.	
421	23/03/2021	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 60 m3 a E.M.M. con efectos de 01-04-2021.	
422	23/03/2021	Concesión a J.M.R.G. e J.P.P. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño.	
423	23/03/2021	Concesión a Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea - Aena da licenza municipal para a segregación da parcela coa referencia catastral 15031A013001340000OA, situada en Canabal, parroquia de Rutis.	
424	23/03/2021	Ampliación prazo presentación ofertas en 5 horas, por ser o tempo que restaba do prazo presentación ofertas procedemento licitación obra "Humanización en Avenida de Vilaboa" no momento en que a Plataforma Contratación Sector Público interrompiu o servizo.	
425	23/03/2021	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Kamikace, especie canina, núm. microchip 941000025926306, propietario C.M.M. no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos co número 140.	
426	23/03/2021	Aboamento a E.P.M. e R.B.O. das horas extras de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo. Consta dillixencia secretaria.	
427	23/03/2021	Aboamento a B.I.S. das horas extras de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo. Consta dillixencia secretaria.	
428	23/03/2021	Aprobación da xustificación da subvención e orde pago ao Club Baloncesto Culleredo da cantidade de 3.750€ (25% da subvención)	
429	23/03/2021	Solicitude formalización Convenio colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento do mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional "A Escada" para o ano 2021, por un importe total de 70.000€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
430	24/03/2021	Imposición sanción tráfico. Expediente: 16939/2020 e un máis.	
431	24/03/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 19683/2020 e máis.	
432	24/03/2021	Imposición sanción tráfico. Expediente: 16768/2020.	
433	24/03/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 2813/2021 e máis.	
434	24/03/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26-03-2021.	
435	25/03/2021	Concesión da licenza municipal núm. 434 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente as 24 horas) para o garaxe da vivenda unifamiliar situada na rúa Paxariñas a J.A.F.B.	
436	25/03/2021	Establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na Av. Vilaboa, á altura do núm. 20, parroquia de Rutis.	
437	25/03/2021	Desestimación do recurso de reposición interposto por F.J.B.O. contra resolución sancionadora en materia de tráfico, confirmando a sanción imposta. Expediente 11197/2020.	
438	25/03/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña no Procedemento Abreviado 50/2021.	
439	25/03/2021	Concesión a T.E.G. dunha axuda económica para pago de alugueiro por importe de 1129€.	
440	25/03/2021	Concesión a A.S. dunha axuda económica para pago de alugueiro por importe de 1129€.	
441	25/03/2021	Concesión a L.J.V.C. dunha axuda económica para pago de alugueiro por importe de 1129€.	
442	25/03/2021	Denegación N.L.R. licenza municipal reserva entrada e saída de vehículos garaxe vivenda unifamiliar rúa Paxariñas e concesión J.B.V. licenza núm. 435 para reserva de entrada e saída de vehículos garaxe vivenda unifamiliar rúa Paxariñas.	
443	25/03/2021	Concesión da licenza municipal 433 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade reserva permanente 24 horas) para o local situado na rúa Tierno Galván a M.C.G.M.	
444	26/03/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
		das facturas incluídas na relación O/2021/44 (Covid). Importe total: 6.788,71€.	
445	26/03/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/45. Importe total: 4.289,24€.	
446	26/03/2021	Aprobación padróns/matriculas Prezo público prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia (PAAD), polos servizos de axuda no fogar por libre concorrencia e para as persoas con grao recoñecido de dependencia, setembro e outubro 2020.	
447	26/03/2021	Aprobación do padrón/matricula do Prezo público por ensinanzas do Conservatorio de música municipal correspondente ao mes de marzo de 2021.	
448	26/03/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de marzo de 2021.	
449	26/03/2021	Aprobación das nóminas dos empregados públicos deste Concello correspondente ao mes de marzo de 2021. Consta dilixencia secretaria.	
450	26/03/2021	Delegación na concelleira D. ^a María Penélope López Díaz do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre N.L.G. e J.J.N.G. o día 27-03-2021 ás 12.30 horas.	
451	29/03/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación dos pagos (C.P. EDIFICIO MIRADOR 74,80€ e máis).	
452	29/03/2021	Aprobación liquidacións contidas padróns presentados Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canón auga 1º trimestre 2021 e autorización cobro correspondentes recibos.	
453	29/03/2021	Anulación liquidación practicada consumo auga M.A.M.S. domicilio Peiro de Arriba correspondente 1º trimestre 2021 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3/trim.) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66 €/m3.	
454	29/03/2021	Aprobación liquidación alta no Padrón fiscal polo concepto de taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas), ano 2021, contribuínte: J.A.F.B., ubicación: rúa Paxariñas.	
455	29/03/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, Procedemento Abreviado 47/2021.	
456	29/03/2021	Aprobación liquidación alta Padrón fiscal polo concepto taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
		permanente 24 horas), ano 2021, contribuínte: CDAD. PROP. GARAJE R/ BRAÑAS 21.	
457	29/03/2021	Concesión a A.G.L.R. da licenza municipal para uso especial dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva con horario laboral) para o garaxe particular situado na rúa Jose Ramallo.	
458	29/03/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de novembro de 2020. Consta dilixencia secretaria.	
459	29/03/2021	Concesión a J.S.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
460	29/03/2021	Concesión a T.C.T. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
461	29/03/2021	Concesión a R.M.J. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1120€.	
462	29/03/2021	Concesión a M.A.A.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
463	29/03/2021	Concesión a A.C.E. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
464	29/03/2021	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrência de M.R.G.P.	
465	29/03/2021	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrência de C.L.C.	
466	30/03/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220210002490). Importe total: 2.500€.	
467	30/03/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220210002491). Importe total: 2.200€.	
468	30/03/2021	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por R.D.V.	
469	30/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos (Operación 220210002488), por un importe total de 301,88€.	
470	30/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
		pagos (Operación 220210002556), por un importe total de 63,26€.	
471	30/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/46, por un importe total de 40.064,21€.	
472	30/03/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/47, por un importe total de 3.969,93€.	
473	31/03/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220210002492). Importe total: 2.238,50€.	
474	31/03/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220210002565). Importe total: 5.300€.	
475	31/03/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/48. Importe total: 8.527,71€.	
476	31/03/2021	Aprobación do padrón/matricula do Prezo público polas actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2020.	
477	31/03/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 3327/2021 e máis.	
478	31/03/2021	Inicio novo expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 2920/2021.	
479	31/03/2021	Recoñecemento do dereito á percepción de trienios J.R.P.R. e máis. Consta dilixencia secretaria.	
480	31/03/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29-03-2021.	
481	31/03/2021	Corrección erro detectado na resolución de data 31-03-2021 relativa á convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.	
482	05/04/2021	Concesión permiso vertedura sistema público saneamento a MATÍAS GARCÍA SL para nave industrial rúa Río Mero 7, destinada actividade "procesado de pescados, crustáceos e moluscos" e "intermediarios do comercio de produtos alimenticios, bebidas e tabacos".	
483	06/04/2021	Concesión dunha bonificación do 50% por familia numerosa na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 60 m3 a A.H.B. con efectos de 01-04-2021.	
484	06/04/2021	Concesión a F.L.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
485	06/04/2021	Concesión a M.C.G.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
486	06/04/2021	Aprobación liquidación alta no Padrón fiscal polo concepto de taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas), ano 2021, contribuínte: J.B.V., ubicación: rúa Paxariñas.	
487	06/04/2021	Aprobación liquidación alta no Padrón fiscal polo concepto de taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas), ano 2021, contribuínte: M.C.G.M., ubicación: rúa Tierno Galván.	
488	06/04/2021	Nomeamento de R.P.R., arquitecto, xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras, como director dos traballos da subministración "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología led y sistema de telegestión en la Avda. Xoa Carlos I".	
489	06/04/2021	Nomeamento de R.P.R., arquitecto, xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras, como director dos traballos da subministración "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología led y sistema de telegestión en la Avda. de Acea de Ama".	
490	06/04/2021	Aceptación da cesión que fai M.C.V.F. a favor do Concello de Culleredo de tres porcións de parcelas con superficies de 94 m2 (parcela 1), 359 m2 (parcela 2) e 108 m2 (parcela 3) para o seu destino a viario público.	
491	06/04/2021	Concesión a R.R.T. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
492	06/04/2021	Concesión a C.L.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
493	06/04/2021	Concesión a V.I.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1125€.	
494	06/04/2021	Concesión a M.T.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1129€.	
495	06/04/2021	Baixa no servizo municipal de axuda no fogar de J.M.L.G.	
496	07/04/2021	Concesión a D.R.C.S. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	
497	07/04/2021	Concesión a C.D.L.U. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129,80€.	
498	07/04/2021	Nomeamento de R.P.R., arquitecto, xefe de servizo de medio ambiente, servizos	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
		e obras, como director dos traballos da subministración "Suministro e instalación de luminarias como medida de mejora de eficiencia energética y medio ambiente en rúa Liñares".	
499	07/04/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 3461/2021 e máis.	
500	07/04/2021	Nomeamento R.P.R., arquitecto, xefe servizo medio ambiente, servizos e obras, como responsable contrato subministración "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología LED y sistema de telegestión en la Avda da Coruña, Avda de Galicia,...	
501	07/04/2021	Baixa no Padrón Municipal de Habitantes, con efectos desde o 04-03-2021 de R.D.M.R. e máis.	
502	07/04/2021	Recoñecemento do dereito á percepción de trienios A.G.N. e máis. Consta dilixencia secretaria.	
503	08/04/2021	Concesión a M.C.L. e B.S.M. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Juana Capdevielle, parroquia de Orro.	
504	08/04/2021	Concesión a M.L.R. da licenza municipal de obras para rehabilitación parcial dunha vivenda unifamiliar situada no lugar de Castelo de Abaixo.	
505	09/04/2021	Baixa no Servizo de Teleasistencia domiciliar de J.F.V.	
506	09/04/2021	Aprobación da cancelación do aval constituído por SENES CIT, SL por importe de 1.544,81€, en concepto de garantía definitiva do contrato execución do servizo de actividades culturais, deportivas de benestar e saúde 2017/18 lote 4 sanidade.	
507	09/04/2021	Concesión dunha bonificación do 50% por familia numerosa na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.R.A.B. con efectos de 01-04-2021.	
508	09/04/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes aos bonos de alimentos e hixiene (Proveedor: MERCARTABRIA, Importe: 59,21€, Terceiro: L.M.C.H. e máis).	
509	09/04/2021	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2021 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a C.A.Q.R., no domicilio situado na rúa Amparo López Jean.	
510	09/04/2021	Aprobación da anulación do recibo a nome de J.B.O.R. do padrón da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa correspondente ao exercicio do ano 2020.	
511	09/04/2021	Corrección erro detectado na resolución núm. 466/2021.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 05-05-2021
512	09/04/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210002490, por un importe total de 3.950,00€.	
513	09/04/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/50. Importe total: 452.590,48€.	
514	09/04/2021	Expedición a J.M.P.R. da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 0494LHW de 5 prazas, en substitución do vehículo 8372JZT.	
515	09/04/2021	Baixa efectos ano 2022 licenza municipal núm. 265 reserva espazo entrada e saída vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública aparcadoiro exclusivo vehículos, carga e descarga, reserva permanente pertencente local Av. Vilaboa, titular A.J.R.M.	
516	09/04/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12-04-2021.	
517	09/04/2021	Orde de cambio de titularidade no Catastro inmobiliario.	
518	09/04/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos. Operación 220210002554, importe total 942,15€.	
519	09/04/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/49, por un importe total de 33.642,86€.	
Contencioso-administrativo revogou o acordo e ordenou facer unha nova liquidación fixando os parámetros para levala a cabo; que a administración concursal do concesionario presentou recurso contra esa sentenza que polo tanto non é firme e, ao mesmo tempo, solicitou ao Xulgado a execución provisional da sentenza, opoñéndose o Concello á execución provisional por entender que non se debería executar ata que fose firme, pero o Xulgado aceptou a solicitude do concesionario e ordenou a execución provisional da sentenza polo que, en consecuencia, solicitou que se analizase a sentenza do Xulgado e o auto ao que fai referencia e que se tramitase a liquidación de acordo cos parámetros fixados polo Xulgado; di que respecto ao auto estase a facer unha lectura incorrecta do mesmo e mesturando as cousas xa que o xuíz que ditou sentenza non se sorprendeu porque non se presentase recurso contra a mesma xa que calquera comprende que o xuíz entenderá que o seu fallo é o axeitado e o que di, no marco da solicitude de execución da sentenza, é que lle sorprende que o Concello se opuxera á execución ata que o fallo sexa firme logo de que a administración concursal de Obralar si presentase recurso contra a mesma; que o Concello, que si presentou a súa resposta ao recurso interposto por Obralar, solicitou que non se atendese o mesmo e que se ditase sentenza admitindo que a liquidación do Concello é a que corresponde, cabendo destacar que o 29 de abril deste mesmo ano notificouse ao Concello a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se desestima o recurso presentado pola administración concursal contra a sentenza do Xulgado do contencioso con imposición de costas á parte apelante, e cita textualmente o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a estratexia da administración concursal de Obralar:

C.I.F. P-1503100-H

“Que, como pone de relieve la Administración apelada, al impugnar el recurso, la sentencia impugnada (*neste momento conecta a cámara a Sra. Ferreiro Varela*) analiza y motiva todas las cuestiones debatidas en el procedimiento con un claro análisis de lo actuado, determinándose al objeto en el Fundamento de Derecho 3º, la liquidación del contrato de construcción y explotación del CLT, determinación de saldos, por inventario de bienes y conceptos a valorar y la tasación de los mismos, habiéndose de estar a los términos del contrato de concesión, pero la apelante, con alternativas de cifras, que no de conceptos, vuelve a traer todos los planteamientos de instancia e incluso ampliando sus peticiones con otras nuevas subsidiarias, y ello sin apoyo de la prueba practicada, (*neste momento desconecta a cámara o Sr. Prieto García*) cuya valoración por el Juzgador “a quo” no le es favorable (.../...) resultando curioso que la concesionaria se opone a la resolución del contrato, sin poner a disposición de la Administración los bienes objeto de reversión, llegando a disponer fraudulentamente, en venta a terceros de la concesión, obligando al Concello a recurrirla, y haciendo dejadez absoluta del mantenimiento de los bienes a revertir; pudiéndose concluir que Obralar pretende que se le reintegre la inversión del proceso expropiatorio, pero sin entregar a cambio los bienes que se incorporaron a su patrimonio como retribución concesional, lo que implicaría un enriquecimiento injusto, y que se le indemnice el valor de los bienes y conceptos objeto de reversión, (*neste momento auséntase da sesión a Sra. Figueroa Fuentes*) sin computar incumplimiento alguno, es decir, todos los beneficios, sin ningún coste, mayormente cuando la concesión se extingue por razón de la quiebra del concesionario, que no por rescate caprichoso de la Administración.”

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que a ela non lle consta que Obralar teña ganada a sentenza, tal e como determina o feito de que interpuxo recurso contra a mesma e máxime tendo en conta que o mesmo foi desestimado; di que a liquidación ten dous compoñentes, sendo un os pagos que o Concello debe facer ao concesionario polo que a este lle falta por amortizar dos bens que reverten a favor do Concello e o outro os pagos que o Concello lle reclama a Obralar polo mal mantemento do Centro Loxístico e a sentenza o que di é que o valor dos bens pendentes de amortizar debe referirse unicamente aos bens obxecto de reversión e que na liquidación só se poden incluír reclamacións a Obralar polas instalacións obxecto de reversión e non polo resto, motivos estes polo que non se sabe a que se refire o Sr. Chouciño Garrido cando pregunta canto leva ganado Obralar coa sentenza ganada; di que con respecto á sentenza do incidente concursal pola que tamén pregunta, o fallo correspondente textualmente di o que segue:

"Debo acordar y acuerdo estimar en parte la demanda de incidente concursal del Ayuntamiento de Culleredo (.../...) sobre separación de bienes; contra la Administración concursal, siendo la entidad Obralar entidad concursada; acordando la entrega al Ayuntamiento de Culleredo de la posesión de los bienes objeto de reversión como consecuencia de la resolución del contrato de concesión administrativa para la construcción y explotación del Centro Logístico de Transportes de Culleredo, respecto de los siguientes (.../...)"; di que a continuación enumera os bens nos que se inclúe a báscula estación de servicio, o aparcamento de vehículos pesados, *(neste momento desconecta a cámara a Sra. García Gorostizu)* nove zonas verdes e outros e que a continuación di o seguinte "Debo acordar y acuerdo desestimar la demanda de incidente concursal del Ayuntamiento de Culleredo, (.../...) sobre separación de bienes; la entidad Aesocer, S:L; (.../...); D. José Faustino Leis Porras, (.../...); D. Carlos Álvarez Ortiz, en situación de rebeldía procesal, y D. Santiago Rey Sande, en situación de rebeldía procesal; debo acordar y acuerdo absolver a las demandadas"; di que o Concello interpuxo demanda contra dita sentenza e solicitou a nulidade da sentenza por imposibilidade de execución do seu fallo xa que acorda *(neste momento reincorpórase á sesión a Sra. Figueroa Fuentes)* que a Administración concursal entregue os bens que reverteron a favor do Concello pero desestima a pretensión respecto aos demais "cuando parte de las parcelas que se ordena entregar al Ayuntamiento de Culleredo en la relación anterior son poseídas por *(neste momento conecta a cámara a Sra. García Gorostizu)* los codemandados traídos a la litis (después de que la representación de Obralar solicitase que se trajesen a la misma) para su integración"; di que ao patrimonio do Concello de Culleredo xa se incorporaron todos os bens que o contrato determinou que se tiñan que incorporar, nin máis nin menos, como xa se deu conta ao pleno municipal; di que é verdade que a administración concursal do contratista resítese a entregar a posesión dos bens que reverteron ao Concello e por iso o Concello entablou as accións xudiciais pertinentes para a recuperación da posesión dos bens que reverteron ao seu favor e xa hai unha sentenza que obriga ao concesionario a entregar a posesión dos bens que reverteron a favor do Concello, máis o concesionario permitiu que outras persoas posúan determinadas instalacións do centro loxístico e este Concello o que quere é que se lles obligue a devolver a posesión de todo, motivo polo que se recurriu a sentenza.

(neste momento conecta a cámara o Sr. Prieto García)

A continuación a Presidencia invita ao Sr. Chouciño a ler a súa segunda pregunta.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido pide que se lle acheguen as sentenzas sobre as que falou a Sra. Iglesias Becerra na resposta a súa primeira pregunta e di que non contestou, ou el non entendeu que contestara, ás preguntas sobre que accións fixo o equipo de goberno ate agora para dar cumprimento ao auto do Xulgado que ten data límite o 10 de maio.

Seguidamente fai uso da palabra a Sra. Presidenta e di que considera que todas as preguntas foron contestadas.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que contestou a pregunta que fai o Sr. Chouciño Garrido cando na súa primeira intervención dixo que solicitou que se analizase a sentenza do Xulgado e o auto ao que fai referencia e que se tramitase a liquidación de acordo cos parámetros fixados polo Xulgado.

O Sr. Chouciño agrade a aclaración e a continuación procede coa lectura da segunda que di o seguinte:

"O Grupo Municipal do BNG de acordo cor Regulamento Orgánico Municipal, traslada a seguinte pregunta para ser contestada en Pleno

Acabamos de ter noticia pola resolución de alcaldía nº540/2021, que o Concello de Culleredo terá que pagar á Fundación Pedro Barrié de la Maza por unha das varias parcelas que se adquiriron para facer o colexio Vila de Rutis, a cantidade de 147.584,17€ (= 196.858,78€ - 49.274,61€), resultante de restar ao xustiprezo fixado polo XEG o importe xa pagado polo Concello; ao que houbo que engadir 41.776,41€ de xuros, en total logo foron: 189.360,58€

que desembolsou o Concello de Culleredo este mes para o pago dunha das varias parcelas que se adquiriron para o colexio.

Xa hai meses tiveramos que pagar a parcela nº7 por enriba do seu prezo fixado inicialmente.

Descoñecemos se houbo outras parcelas que houbera que pagar por enriba do establecido inicialmente como foi o caso destas. No caso concreto desta parcela nº5, en proporción de 1 a 4.

Culleredo xa ten o precedente de ter pagado por sentenza xudicial condenatoria, a cantidade de 1.560.000€ por 3000m2 de zona verde para o colexio Ría do Burgo. Parece que se repite a historia pero en cómodos prazos.

. A firmeza da condena ao pago dos 196.858,78€ no canto dos 49.274,61€ fixados orixinalmente, é de 5 de febreiro de 2019. Por que non se pagou ata agora, dous anos despois?

. Como vai afectar este pago ao PMP deste exercicio?

. A canto ascende o pagado ate o momento polo terreo para o colexio Vila de Rutis?

. Quedan parcelas pendentes de pagos ou litixios para determinar o prezo final? “

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar o que se debe dicir é que se paga o prezo xusto no que se valoran as parcelas que se adquiren e que o Concello adquire os terreos que necesita para facer colexios e paga por eles o prezo no que se valoran; di que no caso dos terreos para edificar o colexio Ría do Burgo, pagouse o prezo que o xuíz determinou que valían os terreos e no caso do colexio Vila de Rutis, pagáronse as cantidades nas que os técnicos municipais valoraron o xusto prezo deses terreos e cando os seus propietarios non estiveron conformes con ese valor acudiron, como é o seu dereito, ao Xurado de Expropiación e este determinou o valor que había que pagar; di que os expedientes teñen unha tramitación e cando esta culmina é cando se poden facer os pagos, e que este pago non provocará retraso algún no pago aos provedores do Concello; di que os acordos de fixación dos valores forman parte do expediente de expropiación, coñecido polo pleno, e cando hai reclamacións e hai que pagar unhas cantidades superiores ás pagadas, dítanse os correspondentes acordos e dáse conta dos mesmos ao pleno e todos os seus membros os coñecen, quedando pendente de pago unha parcela logo de que o Xurado de Expropiación de Galicia fixase o prezo xusto en acordo de 28 de xaneiro de 2021.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido pregunta polo importe dese pago que queda pendente.

Responde a Sra. Presidenta e di que supón que a concelleira que lle respondeu non ten este dato neste momento e que esas foron as respostas as preguntas que fixo.

O Sr. Chouciño Garrido indica que a pregunta foi presentada no rexistro hai máis dunha semana e que xusto concluía preguntando a canto ascendeu o custo da parcela ata o de agora e se quedan parcelas pendentes de pago polo que se hai algo pendente saberase o seu importe, e di que hai que recordar que cando se abriu o prazo para presentar recurso o Concello presentouno un día fora de prazo.

A continuación a Sra. Presidenta pregunta asistentes se teñen algún rogo ou algunha pregunta máis para facer.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que quere facer unha pregunta e dous rogos, sendo a pregunta sobre varios cortes que houbo no subministro de auga datados

dos días 16 de abril, 17 de abril, 19 de abril que é o que pasa, pedindo que non contesten o que contestan sempre, sendo o seu rogo que o equipo de goberno poña unha solución; que no día de onte saíu a auga turbia e que xa sabe que se lle vai contestar que é porque se puxo o depósito de Almeiras en funcionamento; di que hai unha pregunta rexistrada duns veciños con máis de cincocentas sinaturas que pensan que non foi contestada e por iso se lle pide ao goberno municipal que conteste; di que ten outro rogo e pide que non se molesten os compañeiros e as compañeiras da Corporación municipal porque é relativo a que o pleno do Concello é o máximo órgano que hai de representación dos veciños e veciñas do Concello e cando non é telemático e é presencial todos os membros da Corporación están quietos e sentados gardando unha institucionalidade porque se está nun Concello, non nunha xuntanza de veciños e veciñas, como concelleiros e concelleiras electos polos veciños, e na sesión que se está a celebrar pódese ver como se suceden movementos de concelleiros que cambian de despacho, apáganse as cámaras, considerando que hai que gardar a institución e respetar aos concelleiros que fan propostas porque para iso foron escollidos polos veciños, pregando que se garde a institución que é o Concello de Culleredo e se respeten os plenos telemáticos ao igual que se foran presenciais.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ten tres rogos e que quere comezar preguntando se o equipo de goberno ten pensado dar cabida a unha solicitude que se presentou en tempo e forma e que recibiron todos os membros da Corporación municipal dun veciño que quere facer unha pregunta ao finalizar o pleno.

Responde a Sra. Pombo Carril di que a ese veciño xa se lle responde por escrito nun informe e que ela, se o desexa, pode ler o motivo polo que, segundo o artigo 134 do Regulamento orgánico municipal, así como o artigo 40 do Regulamento de participación cidadá, que recollen as intervencións en plano de asociacións e entidades, pero non de veciños e os veciños, se desexan intervir no pleno, terían que facelo a través dunha asociación ou dunha entidade pero non obstante a súa queixa deu lugar a un informe no que se lle responde a todas aquelas cuestións que el establece e telefonicamente falou con el e se lle contestou a todas aquelas cuestións polas que se interesou.

A continuación o Sr. Méndez Mosquera indica que considera que a Sra. Pombo Carril equivócase na súa lectura do Regulamento orgánico municipal porque dito regulamento tamén di que unha vez rematado o pleno abrírase un turno de preguntas para que os asistentes poidan facer as preguntas que consideren oportunas relativas ao Concello e que a persoa da que falou fixo a súa solicitude xa previamente para que o equipo de goberno considerase a forma de incorporar ese punto do Regulamento orgánico municipal neste pleno telemático e esa persoa ten dereito a facer uso desa quenda de preguntas, preguntando se na sesión non se vai abrir esa quenda de preguntas.

Responde a Sra. Pombo Carril e di que dita quenda de preguntas abrírase cando os plenos sexan presenciais que xa comezarán a vindeira semana onde os técnicos terán que valorar e terán que informar pero a data de hoxe, para este pleno, deste xeito non se pode facer.

A continuación o Sr. Méndez Mosquera di que o Regulamento orgánico municipal non diferencia plenos telemáticos de plenos presenciais e que o equipo de goberno municipal debería prever esta situación e ofrecer os medios para dar cabida ao que establece o Regulamento orgánico municipal que si se estivo facendo durante a pandemia sen nin sequera terse requirido nin terse presentado a solicitude pois permitiuse a intervención de persoas ao finalizar a sesión plenaria; di que o goberno municipal quere acalar a reclamación desta familia do Concello e que a continuación el vai ler algúns extractos do escrito presentado polo seu representante omitindo datos privados e ao que tiveron acceso todos os membros da Corporación e procede a súa lectura lendo o que de seguido se transcribe:

“Muy Sres. Nuestros:

Quisiera manifestar el malestar de nuestra familia en relación al fatal desenlace surgido de lo que entendemos es una negligencia por parte del servicio de ayuda a domicilio que atendía en la casa familiar. Para ponerles en antecedentes, nuestro padre (.../...) resultó ingresado en el CHUAC el pasado día 6 de enero, arrojando las pruebas médicas resultado de positivo en COVID19. Como consecuencia de la enfermedad y por esta misma causa, ha fallecido el pasado día 30 de enero.

Pasamos a relatarles que inicial e inmediatamente después del anuncio del contagio el propio día 6 de enero, nos pusimos en contacto con la empresa de atención a domicilio para comunicarlo. En concreto, en la conversación con el gerente de la empresa (.../...) se le comunicó el positivo de nuestro padre dado el trato cercano que lógicamente dispensaban dos de sus auxiliares en casa en la atención completamente dependiente que necesitaba nuestro padre. Por nuestra parte, el día posterior también informamos al servicio de coordinación COVID para el seguimiento de contactos estrechos y atendiendo a las medidas preventivas existentes en materia sanitaria. Realizadas las pruebas PCR a todos los familiares que tuvimos contacto con él en los días previos, resultamos todos negativos. No recibimos ni ese día ni el siguiente llamada alguna por parte de la empresa para conocer el resultado de su personal. Tuvimos que insistir y llamar para que finalmente nos dijese que una de las auxiliares era positiva, sin concretarnos quien de ellas pues alegaban Protección de Datos de Carácter Personal. Nosotros llegamos a averiguar hablando con familias de otros usuarios quien de ellas había dejado de asistir a sus servicios por estar infectada por COVID. Esta persona (.../...) entendemos es la persona que infectó a nuestro padre (no hubo ningún otro caso en la familia). No se trata de señalar a nadie, pero quien tenga responsabilidades que las asuma. Ahora bien, también comprendemos que estas trabajadoras no disponen de los EPI'S oportunos, no tienen los medios adecuados y además no los saben utilizar. Es el caso de las mascarillas, que la auxiliar en cuestión la usaba pero dejaba descubierta la nariz. Por este motivo, se le ha llamado la atención en casa en varias ocasiones pues independientemente de que a una persona se le puede caer en un momento determinado la mascarilla, debería de saber que tiene que colocarla bien de inmediato. O en otros momentos, porque tenga calor o esté cansada de ella, haga descansos y la baje para poder respirar, eso sin contar las pausas para fumar, dentro de su horario del servicio aunque fuese fuera de la casa. Además las mascarillas quirúrgicas, según ella, le daban una para toda la jornada (.../...). Todos sabemos que la norma es que este tipo de protección únicamente debe de ser usado durante un máximo de 4 horas (.../...). *(neste momento desconéctase da sesión o Sr. Iglesias Gómez)* Las batas también le daban una por día, y para todas las casas por lo que bien podría llevar el virus de un hogar a otro. Por otro lado, los guantes también se los entregaban tasados, teniendo que comprar ella alguno aunque a veces ni los usaba. (.../...)

También hemos averiguado que el servicio a los usuarios que atendía esta auxiliar durante su cuarentena no fueron desatendidos después de que ella resultase positiva el día 7 de enero; es decir, que la empresa no debió de informar al centro de seguimiento COVID de alguna de las casas. En otro caso, sabemos por otro usuario, que sí el gerente les llamó el propio día 6 de enero para decirles que la auxiliar se iba a quedar en cuarentena porque había aparecido un positivo en su ruta. Sin embargo y después de tener la certeza de que ella era positiva, les ofreció el servicio con otra persona. Entendemos que esa casa debería ser incluida en los protocolos y seguimiento y permanecer en cuarentena. En cambio, sí recibieron en su casa a otra persona para realizar el servicio. A los pocos días, esta usuaria también resultó infectada. Con estas negligencias, este virus no se para! De nada sirve elaborar y escribir todos los protocolos del mundo si luego llegado el momento se incumplen, se ignoran o se procede de cualquier forma.

Por otro lado, en una llamada realizada a la secretaria del Sr. Alcalde el pasado día 13 de enero, le dimos conocimiento del hecho de que esta auxiliar, que era positiva en COVID, (.../...). La contestación de la secretaria era que iban a hacer unas investigaciones sobre esta persona (.../...)

Además a día de hoy, 16 de marzo de 2021, nuestra madre (.../...) no ha recibido llamada alguna ni por parte de la empresa ni del Ayuntamiento para restablecer su servicio a domicilio dado que ella también es usuaria. No

entendemos el abandono de una persona con dependencia, y en estas circunstancias. Entendemos que debería ser la empresa quienes se pusieran a su disposición, pero vemos que la atención al usuario es nula.

Se conocen casos de otros Ayuntamientos que se ponen a disposición de la familia para poder desinfectar la vivienda o bien si necesita alguna otra ayuda por parte del área de Servicios Sociales, lo que en este caso no se ha realizado.

Por todas estas razones, solicitamos los protocolos de prevención que el Concello exige a las empresas colaboradoras de atención a domicilio, así como el contrato con dicha empresa. Necesitamos conocer si existe una adaptación del contrato en relación a las nuevas medidas sanitarias con motivo de la actual pandemia.

En caso de que estos hechos no sean investigados y no se facilite la documentación solicitada, este escrito será remitido a la Fiscalía para que dicte si hay algún tipo de negligencia por parte de la empresa o del Concello. No deseamos que este caso caiga en el olvido."

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que o que vén de ler son extractos dun escrito dunha persoa que quería intervir neste pleno unha vez rematado para facer unha pregunta, dereito este que se lle está negando, e di que esta persoa está relatando prácticas moi graves dentro do servizo de axuda a domicilio do Concello de Culleredo, unha absoluta falta de respecto polos protocolos establecidos pola Administración, ausencia de equipos de protección adecuados para a seguridade das persoas usuarias do servizo e das traballadoras, dificultades no contacto coas persoas responsables da empresa, falta de información ás familias, usuarios sen servizo durante meses, investigacións sobre a persoa A ou a traballadora B en lugar de reclamar á empresa que presta o servizo responsabilidades por estas infraccións, sendo o problema que non contan con contrato polo que non hai a quen reclamar, porque cómpre lembrar a todos os veciños e veciñas que están escoitando que o servizo de atención domiciliaria de servizos sociais non conta con contrato e obviamente non se está a realizar unha supervisión eficaz sobre dita empresa e por moito que unha empresa asine a súa suscripción aos protocolos establecidos pola Administración cómpre que o Concello supervise a actividade das empresas ás que paga centos de miles de euros; di que tendo en conta ademáis o servizo do que se trata e a situación pola que se está a pasar que pon en risco a vida da xente, este é un caso de absoluta negligencia e deixadez de funcións por parte da empresa e tamén do Concello que a contrata pero non a supervisa como a tantas outras; di que o seu primeiro rogo é que o Concello atenda a solicitude desta familia e que poña a súa disposición a información solicitada e sobre todo que lean o escrito atentamente para reflexionar sobre que se fixo mal e que se está a tempo de cambiar.

A continuación a Sra. Pombo Carril fai uso da palabra e dirixíndose ao Sr. Méndez Sánchez di que vai ser moi breve entre outras cousas porque efectivamente a carta, como ben dixo o concelleiro que a vén de ler, leva moito contido e leva moito contido persoal que é o que o Sr. Méndez Mosquera obvia na súa lectura; di que ela non é xurista e pensa que na sesión hai dúas persoas que son avogados e puidera ser que algunha delas tivera unha concepción moi distinta á súa pero ela pensa que en base a unha carta non se pode opinar pois hai dúas versións, e que agradece que lera a carta pero ao mellor sería bo que tamén lera a resposta pois o que fixo o Sr. Méndez Mosquera é sesgar a posibilidade de que se defendan determinados traballadores; di que en base a esa carta o grupo político do BNG fai unhas interpretacións e parece que xa establece unha sentenza pero todo o mundo ten dereito a expoñer a súa outra versión e o seu punto de vista; di que ela invita a todos os concelleiros a que, con todo o respecto e pedindo a autorización dos veciños, vaian e vexan o expediente e, ao igual que fan con outros moitos, que consulten tamén este.

A continuación solicita o uso da palabra novamente o Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que simplemente quere aclarar que o seu grupo nin ten constancia nin acceso a unha resposta a este escrito.

Intervén a Sra. Pombo Carril e di que si teñen acceso ao expediente.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que si, que teñen acceso ao expediente pero que o momento de dar resposta, tal como solicitaba a persoa que escribía e subscribía dito documento era no turno de preguntas do pleno, paso que o equipo de goberno obviou.

Intervén a Sra. Pombo Carril e di que a persoa que menciona o Sr. Méndez Mosquera pediu unha resposta por escrito e que terá a súa resposta por escrito.

O Sr. Méndez Mosquera intervén e di que agradecería que se lle dera dita resposta se é posible por cuestións de protección de datos.

Responde a Sra. Pombo Carril e di que non é posible entregarlle dita resposta ao Sr. Méndez Mosquera pero que si ten a posibilidade de consultar o expediente e ela aconsella, quizais por deformación profesional, que sempre que algún concelleiro ou algunha concelleira queira consultar un expediente que llo comunique ao interesado porque non é o mesmo consultar unha licenza que consultar datos moi personais e, se ben é certo que teñen todo o dereito a consultalo sen pedirlle permiso a ninguén, ela aconsella, e repite que seguramente por deformación profesional, que se comunique porque todas as persoas teñen dereito a un pouquiño de intimidade.

O Sr. Méndez Mosquera intervén e di que o grupo político do BNG caracterízase por solicitar dito permiso e ser leais á documentación pero neste caso chegou ao Concello este escrito que o asinante remitiu a todos os concelleiros e así tamén eles o recibiron e por ese motivo quixeron dar conta del sabendo que o interesado non ía ter voz neste pleno.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que ten outro rogo porque hai máis queixas dos servizos sociais do Concello e xa hai uns meses reclamaron un informe sobre o periodo medio de agarda para ser atendidos nos servizos sociais sobre o que a propia concelleira respondeu no pleno dando certeza á información que lles chegaba por parte dos usuarios con periodos de agarda superiores nalgún caso a dous meses para atención a unha solicitude, algo que no momento que se está a vivir ao seu grupo lle parece inexcusable pero a concelleira omitía na súa resposta parte do informe no que había un parágrafo no que a xefa do servizo que asina o informe indica o seguinte:

“Ante esta situación de demanda social que non fai máis que incrementarse coa pandemia superando xa todos os posibles axustes organizativos, desde esta xefatura de servizo con data 30 de novembro de 2020 tense elevado ante a concellería de Seguridade Cidadá e Persoal informe-proposta para a creación urxente dun novo servizo social municipal básico de información e atención social inmediata en crise”, o que quere dicir que o que omitía a concelleira na súa resposta ao pleno é que a propia xefa de servizo informa da falta de persoal para a atención dos servizos sociais deste Concello neste momento e o equipo de goberno realiza unha modificación da relación de postos de traballo na que incorpora a dous postos no gabinete da Alcaldía pero non crea ningún posto de traballo para os servizos sociais do Concello e con toda esta situación (*neste momento conéctase á sesión o Sr. Iglesias Gómez*) a responsable da área de Política Social e primeira tenente de alcalde, cargo polo que lle corresponde unha dedicación exclusiva, leva anos sen facer uso desa dedicación exclusiva, de dedicar o seu tempo de traballo ao Concello de Culleredo, aos servizos que debería liderar, recolléndose ano tras ano nos orzamentos do Concello unha partida para o pago do salario da concelleira de servizos sociais que nunca se aplica e nunca se chega a gastar porque a concelleira decide non dedicar o seu tempo de traballo ao Concello de Culleredo e mentres se reclama máis persoal desde o propio servizo a súa responsable política decide non facer uso da dedicación exclusiva que lle pertence e que a responsabilidade dos seus cargos sen dúbida merece, sendo evidente que nos servizos sociais do Concello de Culleredo falta persoal, que hai erros na organización, que non se está procedendo

coa contratación de servizos como o de atención domiciliaria e resulta evidente que non hai unha dirección política dos servizos sociais e con isto non quere acusar a ninguén e pide que non se vaia dicindo aos traballadores que o seu grupo está falando mal deles, que se deixe de utilizar aos traballadores do Concello porque eles do que falan é da dirección política porque queren saber a verdade, rogando que tomen con seriedade esta situación e que tomen os pasos necesarios para dotar ao servizo das ferramentas, dos contratos, para que se poida levar a cabo ao nivel que merece.

Responde a Sra. Pombo Carril e di que a concelleira non omitiu a resposta no informe do pleno pois o grupo municipal do BNG preguntou única e exclusivamente polo tempo de agarda de horas de axuda a domicilio e se se lles facilita dito informe é porque o equipo de goberno non ten ningunha intención de ocultar nada e, a pesar de que ela xa llo explicou na comisión informativa, o Sr. Méndez Mosquera volve a traelo ao pleno; di que o desexo de poñer en marcha un servizo é un desexo do goberno municipal, sendo os xefes de servizo as persoas que os teñen que diseñar e propoñer a contratación, estando neste momento en marcha a contratación de dúas traballadoras sociais que comezarán a traballar ao máis tarde no vindeiro mes polo que si se reforzará o persoal tal como se fixo xa no pasado ano; di que o grupo político do BNG critica cando as cousas van mal pero cando se fai un esforzo inxente como non fixo ningún outro Concello e os técnicos municipais estiveron a pé da rúa por vontade propia porque non llo esixía nin a Lei senón casi contrario ao regulamento que había o grupo político do BNG estivo nalgunha reunión na que o Sr. alcalde xa lles achegou datos; di que a ela lle parece ben pois tal como dixo antes o Sr. Méndez Mosquera están para facer política e lle di que a fagan e que, en canto ás dedicacións, di que parece que o grupo político do BNG ten como unha especie de obcecación con este tema e tal como lles explicou antes que as leis saen no seu conxunto hai lexislación na que se explica e se especifica que o alcalde fai unha distribución das áreas e nesas áreas el pode distribuílas como queira pero despois está a vontade das persoas, inherente a cada unha, a capacidade de decidir, autónoma e libremente en función das propias necesidades, existindo un dereito que é un dereito individual e que non lle obriga a ter que dar ningunha xustificación porque está recoñecido por Lei para que ela poida decidir en que condicións exerce as súas competencias, nada distinto ao que fan compañeiros do propio partido do Sr. Méndez Mosquera porque se tanta importancia lle dan á concellería de servizos sociais ao mellor sería bo que o seu grupo mirara en que condicións exercen os cargos similares ao dela noutros lugares, non sendo menos importante neste momento que outras que tamén o son e teñen cargos que compatibilizan dous postos, non sabe se porque algún é irrelevante ou non require de suficiente dedicación; di que é moi fácil, moi sinxelo e moi de demagogos, e normalmente as mensaxes ambivalentes o único que xeran é confusión pero non xeran unha realidade sobre o mesmo por moito que o Sr. Méndez Mosquera se empeña; di que ela elixe libremente sobre algo ao que ten dereito e que lle recoñece unha Lei polo que non ten que dar explicacións por moito que se lle esixan no pleno, agardando que con isto o tema quede pechado porque non vai volver a falar sobre un dereito que lle recoñece unha Lei e que ela decide autonomamente, engadindo que ata onde ela sabe ningún xuíz lle restrinxiu a capacidade para autogobernarse.

A continuación o Sr. Méndez Mosquera intervéen e di que o que o seu grupo lle pide á concelleira de Política Social e Promoción do Deporte é que tome a súa concellería con seriedade.

Responde a Sra. Pombo Carril e di que ela toma a súa concellería con toda a seriedade do mundo e que durante a pandemia o Sr. Méndez Mosquera non fixo ningún comentario positivo xa non sobre o seu traballo senón sobre o traballo dos traballadores sociais porque se lle pregunta ao Sr. Méndez Mosquera que traballo desempeña un traballador social ao mellor tampouco o sabe explicar porque ás veces opínase sobre cousas que non se coñecen.

(neste momento desconéctase da sesión a Sra. Ferreiro Varela)

De seguido intervéen o Sr. Méndez Mosquera e di que o seu grupo non tivo ningunha reunión co Sr. alcalde no que lle achegase ningún dato sobre a situación da pandemia e que aos expedientes teñen acceso non porque haxa algo

que esconder ou non senón porque é o seu dereito e di que non son demagogos cando falan de situacións reais e de preguntas que fan chegar os veciños ao grupo municipal do BNG de Culleredo con cuestións reais como a que describe a persoa que subscribiu o escrito ao que lle deu lectura, como a que describe a propia xefa de servizo, e como tantas e tantas que chegan de persoas en risco (*neste momento conéctase á sesión a Sra. Ferreiro Varela*) que acoden aos servizos sociais e teñen que agardar ata dous meses para ter unha atención.

O Sr. Méndez Mosquera di que ten un terceiro rogo en relación con unha situación que se está dando no parque anexo ao colexio Sofía Casanova na rúa Alcalde Domingo Sierra porque están nunha situación lamentable tanto o parque como a pista polideportiva e carece ademais dun peche perimetral, sendo isto o que máis preocupa porque é unha cuestión de salubridade xa que o parque está aberto a unha finca cunha pequena edificación á que ás veces se achegan a xogar nenos e nenas e que se atopa en mal estado e que pode dar lugar a accidentes; que nese parque reúnen moitas familias con nenos e nenas coincidindo coas salidas do colexio polo que o seu grupo lle solicita ao equipo de goberno que boten alí un ollo e limpen a finca de toda a maleza ou polo menos que se instale un peche perimetral no parque para que os nenos non accedan a esa finca anexa na que corren perigo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo trae un primeiro rogo a este pleno en relación cos parques e pistas deportivas solicitándolle ao Sr. alcalde e ao concelleiro delegado de Obras que se retire canto antes a cuberta do parque das Brañas e o abran ao público, solicitando tamén o peche parcial do lado das canastas que dá cara aos edificios para que non sexa un perigo cando cae a pelota e saen os nenos correndo a buscala; di que tamén no parque da igrexa de Vilaboa colocouse unha placa metálica que, según comunicaron os veciños, dá calambre aos nenos cando se deslizan e hai uns parafusos internos do tobogán que en lugar de deixalos cara ao exterior quedaron na parte interior do tobogán polo que cando os nenos baixan por el máncanse na espalda o que provoca que xa non queiran tirarse por eles; di que, tal como indicou o Sr. Méndez Mosquera na súa intervención, fai xa dous anos que o grupo político popular solicitou que se repuxeran as canastas e as porterías no parque do Sofía Casanova e a pesar de que o equipo de goberno dixo que si se ían repoñer alí segue todo igual, polo que solicitan que o fagan; di que a pista da Correira leva xa un mes pechada e que foron traballar alí dous días, non sabendo que é o que pasa coas obras e por que levan tanto retraso, engadindo que xa hai experiencia coa obra do parque da igrexa de Vilaboa e que agarda que non se tarde un ano tamén en facer esa obra e se coloque o valado que o seu grupo solicitou para evitar caídas en altura; di que por último ten o rogo de que na placiña interior dos edificios de Acea da Ma se retiren uns bancos que están sobre adoquíns e que se coloquen uns novos e se coloquen tamén na praza de Santa Gema de Fonteculler pois aí sacáronse hai dous anos os que había e aínda non se repuxeron.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o seu grupo ten un segundo rogo en relación cun problema que existe en Fonteculler entre os veciños da urbanización La Ría e unha cafetería que hai alí polo uso como terraza do espazo que hai entre dous edificios porque parece que hai unha sentenza que califica dito espazo como privado e di que non se pode utilizar pero que si se pode usar a parte de diante, polo que os veciños están bastante enfadados e solicitaron colaboración do grupo político popular para que o poña en coñecemento do equipo de goberno e lles aporte unha solución a ese problema polo tema da licenza e a sentenza que teñen.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que na zona da Sagrada Familia houbo un acto de vandalismo e desperdigaron pola zona un colchón, portas e restos de mobles polo que o seu grupo lle solicita ao equipo de goberno que canto antes envíen a alguén a retirar todo iso da zona pois é unha zona concurrida preto do río e xa fai tempo que os coxíns dunha cadeira foron arroxados ao río, o que provocou que se inundaran tres casas que se atopan preto del.

A Sra. García Gorostizu di que, por último, quere poñer en coñecemento do goberno municipal a existencia dun socavón na rúa San Xiao de Almeiras que leva máis dun ano e que está nunha condición brutal, estando situado

nunha zona de paso que a xente utiliza para ir a Almeiras polo que o seu grupo solicita o seu arranxo inmediato e que mentres non se arranxe que se sinalice debidamente.

A Sra. Pombo Carril fai uso da palabra e di que toma nota de todas as peticións feitas para darlle traslado ás concellerías correspondentes.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

A alcaldesa-presidenta en funcións

(asinado dixitalmente nesta data pola concelleira de
Política Social e Promoción do Deporte que actuou
como alcaldesa en funcións o día da sesión)

C.I.F. P-1503100-H